



ACTA Nº 2020/2 SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 31 de xaneiro de 2020 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARGARITA LAMELA LOUZAN

ASISTEN:

PSOE

RUBEN VILLAR AGULLEIRO

JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO

EMILIA MARIA TRILLO LOJO

BNG

SERXIO DOMINGUEZ LOURO

CESAR PEREZ MARTINEZ

PP

JOSE ANTONIO DOMINGUEZ GARCIA

MARIA VICTORIA AREAS POSE

AGUEDA MARIA DIAZ MEJUTO

IXCee

MARIA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

MARIA DEL CARMEN DIAZ FREIRE

RAMON VIGO SAMBADE

Grupo Mixto

JUAN RAMON HERMIDA FANDIÑO

SECRETARIO/A:

ROCIO HERMIDA CANCELA

INTERVENTOR/A:

ROSA M^a FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. Acta da sesión celebrada o 27 de decembro de 2019.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros/as presentes na sesión.

II. Acta da sesión celebrada o 17 de xaneiro de 2019.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros/as presentes na sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

2. **Proposta da Alcaldía para que o Proxecto do Regulamento Xeral de Costas teña en conta as demandas do Sector do Mar.**



Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Industria, Comercio e Turismo o día martes 21 de xaneiro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

1. Proposta da Alcaldía para que o Proxecto do Regulamento Xeral de Costas teña en conta as demandas do Sector do Mar.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: Proposta para que o Proxecto do Regulamento Xeral de Costas teña en conta as demandas do Sector do Mar.

Exposición de motivos

O 19 de marzo, publicouse mediante un procedemento de audiencia e información pública o proxecto de Real Decreto polo que se modifica o Regulamento Xeral de Costas. Este Regulamento establece, entre outros puntos, as condicións, a duración e o custe das concesións outorgadas no dominio público marítimo-terrestre e son, polo tanto, aplicables a tódalas empresas que requiran da ocupación na costa.

Á vista das alegacións recibidas no procedemento de audiencia, a Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e o Mar considerou que era necesario realizar unha nova proposta.

Nesta nova redacción, a duración das concesións redúcese establecendo un período máximo de 15 anos para as ocupacións que se sitúan na franxa costeira (que inclúe, por exemplo, as tubaxes de captación de moluscos e granxas piscícolas). Pero ademais, no caso de que se estime que o establecemento “poida ter” un impacto paisaxístico negativo, o prazo máximo queda reducido a tan só 3 anos en total.

Estas novas condicións poñen en perigo a viabilidade das inversión e a supervivencia de un modelo amplamente repartido pola costa de emprego estable, tradicional e cunha alta taxa de ocupación feminina.

Ante esta situación sométese ó Pleno a aprobación da seguinte Proposta:

1. Instar ó Goberno do Estado e especialmente ó MITECO (Ministerio de Transición Ecolóxica):
 1. Recoñeza a realidade da Comunidade Autónoma Galega e da Costa da Morte en relación á realidade histórica e socioeconómica do sector Mar Industria, Acuicultura e Marisqueo que ó longo do último século serve como base fundamental para o desenvolvemento social e económico desta comunidade, e que pon en cuestión un regulamento que demostra o claro descoñecemento da realidade social da nosa comarca.
 2. Con carácter previo á aprobación de modificación algunha, establecer unha mesa de análise e negociación cos sectores vinculados ó mar para alcanzar un acordo que permita que o proxecto do Regulamento Xeral de Costas e a Lei de Costas teña en conta as reivindicacións socioeconómicas do sector do Mar de Galicia.
2. Negociar e aceptar un acordo para que se teña en conta en dito proxecto e na súa Lei, no concernente ó prazo das súas concesións, para as actividades económicas do complexo mar industria da comarca que para o seu indispensable funcionamento deben estar no litoral, se



comece a contar o prazo de concesión a partir da solicitude de prórroga extraordinaria e non dende a data da concesión orixinal.

3. Dar traslado do presente acordo ó Goberno do Estado.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos grupos políticos IXCee e BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A secretaria, ROCIO HERMIDA CANCELA

O presidente, MARGARITA LAMELA LOUZAN"

INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa: vou a proceder a lectura da proposta da alcaldía:

O 19 de marzo, publicouse mediante un procedemento de audiencia e información pública o proxecto de Real Decreto polo que se modifica o Regulamento Xeral de Costas. Este Regulamento establece, entre outros puntos, as condicións, a duración e o custe das concesións outorgadas no dominio público marítimo-terrestre e son, polo tanto, aplicables a tódalas empresas que requiran da ocupación na costa.

Á vista das alegacións recibidas no procedemento de audiencia, a Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e o Mar considerou que era necesario realizar unha nova proposta.

Nesta nova redacción, a duración das concesións redúcese establecendo un período máximo de 15 anos para as ocupacións que se sitúan na franxa costeira (que inclúe, por exemplo, as tubaxes de captación de moluscos e granxas piscícolas). Pero ademais, no caso de que se estime que o establecemento "poida ter" un impacto paisaxístico negativo, o prazo máximo queda reducido a tan só 3 anos en total.

Estas novas condicións poñen en perigo a viabilidade das inversión e a supervivencia de un modelo amplamente repartido pola costa de emprego estable, tradicional e cunha alta taxa de ocupación feminina.

Ante esta situación sométese ó Pleno a aprobación da seguinte Proposta:

1. Instar ó Goberno do Estado e especialmente ó MITECO (Ministerio de Transición Ecolóxica):

1. Recoñeza a realidade da Comunidade Autónoma Galega e da Costa da Morte en relación á realidade histórica e socioeconómica do sector Mar Industria, Acuicultura e Marisqueo que ó longo do último século serve como base fundamental para o desenvolvemento social e económico desta comunidade, e que pon en cuestión un regulamento que demostra o claro descoñecemento da realidade social da nosa comarca.
2. Con carácter previo á aprobación de modificación algunha, establecer unha mesa de análise e negociación cos sectores vinculados ó mar para alcanzar un acordo que permita que o proxecto do Regulamento Xeral de Costas e a Lei de Costas teña en conta as reivindicacións socioeconómicas do sector do Mar de Galicia.

INCIDENCIA

Sendo ás 20:02 horas entra no Salón de Plenos D. César Pérez Martínez



3. Negociar e aceptar un acordo para que se teña en conta en dito proxecto e na súa Lei, no concernente ó prazo das súas concesións, para as actividades económicas do complexo mar industria da comarca que para o seu indispensable funcionamento deben estar no litoral, se comece a contar o prazo de concesión a partir da solicitude de prórroga extraordinaria e non dende a data da concesión orixinal.

4. Dar traslado do presente acordo ó Goberno do Estado.

Continúa intervindo a Sra. alcaldesa: simplemente salientar antes de dar paso as intervencións de que este punto nos toca presto porque temos unha empresa en Lires Tres Mares se puxo en contacto comigo a representante de dita empresa e tamén de Stolt Sea Farm, a situación é preocupante porque a Tres Mares a prórroga lla conceden ata 15 de abril de 2021 polo que me deron traslado xa presentaron alegacións, espero que se teñan en consideración so teño coñecemento que neste momento parece ser que paralizaron a continuación do RD pero o mesmo tempo se pensa modificar a lei de costas, mais que nunca é considerable aprobar estes tres puntos e teñan en conta as nosas circunstancias especiais.

Sr Dominguez García: o noso grupo vai apoiar por suposto como non podía ser doutra forma e coincide coa moción que presentamos o 22 de xaneiro, está mais reducido a EM pero os acordos son fundamentalmente os mesmos porque son os que demanda o sector, o que si nos preocupa nun problema coma este que temos que estar unidos que haxa unha separación tan grande entre os alcaldes socialistas de toda Costa da Morte, resulta que esta moción en Muxía a votan en contra, en presentan outra, da imaxe de desacordo, e xa que por desgracia na Costa da Morte estamos gobernados en case todos polo grupo socialista que se movan e lle digan a ministra que vivimos disto porque si nos cerran isto o forno de Ferroatlántica, entre hoxe e mañá isto si é a España valeira, vamos quedar nada mais que os vellos aquí, pidolle que dende o Psoe que sodes os maioritarios que fagades algo, non é tan difícil explicar que vivimos única e exclusivamente disto, isto é a petición dende aquí.

Sra alcaldesa: a proposta que presentei foi o 8 de xaneiro despois de reunirme como dixen coa representante legal de Stolt Sea Farm e mais coa representante de Tres Mares, foi consensuada con eles e de aí presente a proposta, o que fagan posteriormente outros alcaldes eu xa tiña presentada a miña proposta, eu teño que representar os intereses de Cee e defender a empresa de Cee e consensuar co sector o que presento, si un alcalde despois toma unha decisión diferente tendo coñecemento da proposta presentada en Cee eu xa tiña presentada a miña eu non vou entrar en debate.

Sr Dominguez García: ten que estar de acordo que si cada un tira polo seu lado isto e un problema da Costa da Morte, non so de Cee porque en Camariñas tempos granxa de rodaballo e en Quilmas e Lires tamén, recordolle e temos na retina que cando gobernaron Vdes co bloque na Xunta de Galicia impediron montar unha granxa de rodaballo en Touriñan que eran 400 postos de traballo isto non ven de agora por eso estamos cada vez mais preocupados e temos medo que sexa un aperitivo o que nos espera respecto o bng que tivo no sitio pero o dia adecuado para resolver era o 7 de xaneiro porque o seu voto era indispensable para que o Sr Sánchez fora presidente do goberno, olvidáronse desta cousa polo menos había que intentalo.

Sra alcaldesa: Vde quer entrar nun debate a nivel político que eu non quería entrar porque estou para defender os intereses dos traballadores da Costa da Morte e neste punto na piscifactoria de Lires, si entramos nun debate a lei de costas e regulamento é do 2013 e 2014 da época do PP e se está aplicado esta lei pero non quero entrar nisto estou aquí para defender o que teño que defender e si teño que ir en contra do goberno vou, se teño que ir a Madrid vou, xa llo dixen a representante de Tres Mares eu estou disposta a facer o que teña que facer, en principio o que me pediron e que trouxera esta proposta e si a saída do pleno piden outra cousa vouno facer, si teño que ir en contra do



gobierno vou, igual que faría Vde e o resto dos membros da corporación porque o primeiro é o primeiro.

Sr Dominguez García: si foramos unidos iríamos mellor e o PSOE na Costa da Morte da imaxe de desunión.

Sra alcaldesa: hoxe na Deputación aprobouse unha moción en sentido parecido.

Sr Dominguez García: pero en Muxia non e en Camariñas se está agora celebrando o pleno e cunha moción distinta non deberíamos ter esta imaxe de des- unión.

Sr Vigo: di Vde que é un tema que lle toca preto porque temos unha empresa que pode estar afectada por estas modificacións legais que é indudable tócalle preto porque Vde aparte de ser alcaldesa de Cee é membro do Psoe cuxo goberno está en España e ten moito que ver que pase o que sta pasando, está ben que traia unha moción, que nos votemos nun sentido ou noutro pero moito mais importante é que Vde e os seus compañeiros inda que non todos pensan como Vde pois traslade dentro dos seus órganos de partido a realidade do que temos, é verdade que se pode falar ca ministra de transición tecnolóxica e medio ambiente ou cambio climático un nome bastante complexo que está tan preocupado de que se quente o planeta que nos vai deixar secos con cada medida, que van ser negativas en moitos eidos a nivel económico neste caso igual eu entendo que e un problema cando un ten unha contradición non persoal pero si que lle afecta persoalmente a estrutura política que representa toma decisións perxudiciais para o territorio que representa e ten que traer unha moción deste tipo de matiz política ao pleno en defensa de algo que debería facer a nivel interno e resolvelo a nivel interno e todos eses intereses que din van defender en Galicia pois o faga agora mesmo en Madrid no goberno persoalmente ou a través das persoas que forman parte da organización e defenda o que hoxe vamos votar aquí porque o realmente importante é a súa decisión non a que tomamos nos hoxe, que ten unha transcendencia de políticos locais de distintas ideas pero realmente non temos capacidade para cambiar esa situación que a ten é o goberno de España e ten nestes momentos un presidente socialista como Vde, eu invitaría que traballara nesa liña aparte de presentar ao pleno o que considere oportuno.

Sra alcaldesa: xa estou traballando nesa liña si me coñece algo xa me reúnen con representantes e cargos políticos pero tamén considero que é necesario votalo aquí no pleno como me pediu un representante de Tres Mares, pero xa estou nesa liña.

Sr Dominguez Louro: ben unha vez mais asistimos a guerra entre guerra o PP e Psoe acusándose mutuamente dependendo de quen governe en Madrid, en tanto pasa iso este país desaparece, mentres Vdes se pelexan a Costa da Morte desaparece, non é unha opinión miña o problema é que é unha realidade que os datos económicos e sociais que cada pouco tempo aparecen na prensa o confirman mais emigración menos poboación menos oportunidades de traballo, de que os nosos fillos queden aquí, recordo que nas eleccións galegas Feijó dicía que esta ía ser a lexislatura do rural menos mal que e a lexislatura do rural, esta proposta de hoxe é igual ca do PP calcada no que é nos acordos, xa o dixo o Sr Dominguez aínda que non na EM fala de recoñecer a realidade histórica galega na cultura do mar, é certo estamos de acordo con isto é unha lástima que non se lembren desto sempre, porque cada vez hai menos xente traballando no mar e cada vez mais dos poucos barcos que quedan porque a moitos se lles paga por despezalos e moitos dos que quedan ten que buscarse a vida no País Vasco, Cantabria, Asturias que teñen mais cota iso ten culpables, PP e Psoe, tamén e unha lástima que se acorden do marisqueo nada mais que agora, por exemplo na ria de Corcubión que está contaminada de fai moitos anos e cando era rapaz era un bixel de postos de traballo hoxe non, esperemos que a solución veña en breve e sexa fiable, é lástima que non lembren outros sectores como agro-gandeiro, leiteiro, industrial e demais, di o punto 2 que hai que establecer unha mesa dialogo co sector, blablabla, non pode ser doutro xeito cando algún legisla e toma decisións para redactar unha lei o normal é falar cos afectados paréceme case insultante que hoxe esteamos aquí para pedir esto que claro estamos de acordo, debería ser o abc, é necesario falar co sector porque abrangue esa lei a toda España, pero a realidade da costa galega nada ten que ver coa maior parte da costa española, nada ten que ver co Levante, Andalucía ou illas e aí é onde nos



reafirmamos en pedir que estamos acertados en pedir que as competencias da lei de costas sexan nosas, do goberno galego independentemente de quen o governe, haberá mais sensibilidade no goberno galego coas nosas costas e sectores produtivos que cando se lexisla dende Madrid sentado nunha oficiña, recordo que un Sr extremeño foi a negociar a Bruxelas cotas pesqueiras fai 10 ou 15 anos non significa que non poda pero aqui hai xente preparada para facelo mellor que el. O punto 3 é o mais discutible porque nese punto poñen a todas as industrias e os afectados nunha mesma bolsa e tratalos da mesma maneira cremos que cada un hai que tratalo coa súa particularidade, esta lei afecta a Ence na ría de Pontevedra que debe saír de aí igual que afecta a Tres Mares e a realidade de Ence nada ten que ver ca de Tres Mares aínda así a vamos apoiar, pero temos que defender a Costa da Morte e os postos de traballo e simplemente a supervivencia porque defender postos de traballo de Tres Mares e de Ferroatlántica que falaremos despois é unha cuestión de simple supervivencia é unha lástima que esta defensa a ultranza dos postos de traballo de Tres Mares non se fixeran fai uns anos cando a xunta tiña concedida unha licenza para establecer no río Castro unha mini-central que ía a ser o definitivo peche da piscifactoría de Lires, grazas que a mobilización social e dos donos da piscifactoría acabaron con aquel intento no, é certo que o ministerio de Transición ecolóxica fala de medida para paliar o cambio climático e o BNG vai estar sempre de acordo pero nada vai cambiar no aspecto positivo do tema do cambio climático dúas naveas desta empresa a beira da ría, é evidente que ten que haber unha transición temos que salvar o planeta pero precisamos tamén unha transición para as persoas e máis aquí o BNG aprobou a investidura de Pedro Sánchez precisamente para dar solución a estes problemas non para o contrario outra posibilidade era non votar e gobernar o PP con Vox, pensámolo dous segundo e decidimos que non e mire Sr Dominguez levamos pouco aquí 7 meses xuntos pero eu coñezo perfectamente, sabía que me ía facer esa pregunta de Touriñán e encantado, empezaron falando de 1400 postos despois con meter en google xa aparece hemeroteca despois de 400, despois de 200 o final non chegaron nin a 100 pero o peor é que esa piscifactoría tuvo que ser resacatada e hoxe en mans de xente que non sabe nada de apicultura pero o saír o bipartito colleron o poder pero na Costa da Morte todo son ameazas Tres Mares, Stolt Sea Farm cando lle toque, Ferroatlántica, esa unión da que Vde fala do PSOE debería tela Vde co de Ferroatlántica que votou en contra da moción do BNG con dous fornos parados, tamén sería bo que navegáramos no mesmo sentido, o PP nunca navegou cos demais, non intente ocultar o seu botando a culpa os demais non veña atrapar as súas non quero usar a palabra, digamos que é necesario que mida todo co mesmo raseiro incluso que faga unha autocrítica co seu partido e ver como está a Costa da Morte e como está Cee dende que o PP goberna en Galicia que ven sendo os últimos 40 anos menos os 4 anos que falaba, vamos apoiar esta moción e nada máis.

Sr Dominguez García: iso de Portugal non o sei pero aquí era unha empresa privada que pedía licenza e se lle denegou pola Xunta que gobernaba o Bng e Psoe e o que di da mini-central sabe perfectamente que en Berdeogas non ía afectar para nada eso é incluso impresentable que Vde diga eso sabendo perfectamente o que é unha mini-central que e coma un muiño no ía perxudicar para nada tanto é así que gobernando o Bng e o Pose, porque fixen a solicitude no meu dereito que me asistía atendendo a orde de saída de pedir minicentraís me autorizou por Pachi Vázquez, conselleiro de medio ambiente logo presentárase un contencioso e esa xunta de Galicia volveu a dicirme adiante e aínda sigue en vigor, perdin moitos cartos aínda que non o sepa, que diga que acababa con Tres Mares é impresentable non esperaba eso de Vde para nada.

Sr Dominguez Louro: en ningún momento me referin a Vde si estaba nesa intentona ou non, sei que existiu e que o diga eu non é problema o problema é que o final ganou a cordura e que a empresa se moveu e capaz de parar esas intencións pero mire, esta guerra empezouna Vde co tema de Touriñán, aínda que Vde tivera toda razón do mundo hai unha diferenza grande, naquel momento era alcalde de Cee e eu non estaba en política, simple.

Sr Dominguez García: e por eso non se montou a granxa en Touriñán porque Vde non era concelleiro, o BNG xa existía, e cando gobernou na Xunta co Psoe, esperemos que tarden en volver, este concello había conseguido un parque eólico singular o e goberno do Psoe e bloque anulou a concesión o



concello de Cee e significaba que me corríxase a interventora 600.000 euros de ingresos e un 25 % da produción e quen o impediu foi o BNG e agora ben defendendo postos de traballo, mire que nos coñecemos, que sería de Cee sin o hospital comarcal que fixo o PP, trouxo o PP, se hai algo na zona
Sra alcaldesa: nos centramos en el punto?

Sr Vigo: simplemente na cuestión de matiz que é verdade o que di Vde porque mentres a oposición rifa entre ela o goberno está nun spa.

Sra alcaldesa: Sr Vigo acaba de dicir cando Vde estaba aquí sentado e a oposición, Vde estaba nun spa por experiencia.

Sr Vigo: si por experiencia.

Sr Dominguez Louro: neste caso a oposición ten moito poder.

Sr Hermida: moi boas, eu quería reivindicar non entrando en debate todo o que sexa defender postos de traballo e non so afecta as empresas de cee pa cee depende moito de Ence tamén a Costa da Morte no sector da madeira e transporte depende de Ence e temos que defender a costa a nivel territorial.

VOTACIÓN

Sométese á votación o ditame e resulta aprobado por unanimidade:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	3	3	2	1
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

3. Moción do BNG para instar ao goberno central e galego a aprobación Estatuto Industria Electointensiva e Plan Viabilidade Ferroatlántica, con NRE 81/2020 de 10 de xaneiro.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Industria, Comercio e Turismo o día martes 21 de xaneiro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

3. Moción do BNG para instar ao goberno central e galego a aprobación Estatuto Industria Electointensiva e Plan Viabilidade Ferroatlántica, con NRE 81/2020 de 10 de xaneiro.

Considerando a seguinte:

Don Serxio Domínguez Louro e Don César F. Pérez Martínez, concelleiros do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Cee, ao abeiro do regulamento, elevan ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNOS CENTRAL E GALEGO A APROBACIÓN DUN ESTATUTO PARA A INDUSTRIA ELECTROINTENSIVA E A ESIXIR UN PLAN DE VIABILIDADE A FERROATLANTICA, RESPECTIVAMENTE, QUE PERMITAN A COMPETIVIDADE INDUSTRIAL E O MANTENIMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO

Galiza é un país produtor excedentario de enerxía eléctrica, que envía ao exterior boa parte da enerxía producida. Sen embargo esa condición de produtor, a pesar de que historicamente carrexou costes medioambientais e sociais importantísimos, non repercute no beneficio da poboación nin do desenvolvemento da economía de Galiza. De feito as galegas e galegos somos no ano 2019 e 2020 os que pagamos a tarifa máis cara do Estado español.

Isto representa un problema social de gran calado que afecta especialmente aos sectores economicamente máis desfavorecidos. Pero ten tamén unha repercusión directa no desenvolvemento



económico do noso país pola relevancia da industria electrointensiva no conxunto do noso limitado tecido industrial. Unha reclamación histórica do noso país é a creación dunha tarúa eléctrica galega que beneficie ao conxunto da poboación e tamén un estatuto da industria electrointensiva, que estableza unha tarifa estábel, predicíbel e economicamente asumíbel que permita a competitividade industrial e o mantemento dos postos de traballo.

De feito, neste momento a crise da industria electrointensiva supón en Galiza o risco de perder máis 5.000 empregos neste sector, con afectación a comarcas enteiras como a de A Mariña, Ferrol, A Coruña e Costa da Morte.

No mes de febreiro o Consello de Ministros autorizou a tramitación urxente do procedemento de elaboración e aprobación do real decreto polo que se regula o Estatuto do Consumidor Electrointensivo, que tiña como obxectivo mitigar os efectos dos costes enerxéticos sobre os grandes consumidores de enerxía, sen embargo, 10 meses despois, ese estatuto aínda non foi aprobado nin é públicamente coñecido e, polo contrario, o 3 de decembro foi publicada no Boletín Oficial do Estado a resolución de 2 de decembro de 2019, da Secretaria de Estado de Enerxía, pola que se aproba o calendario e as características do procedemento competitivo de subastas para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade regulado na Orde IET I 2013/2013, de 31 de outubro, para o período de entrega comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2020.

Esta resolución, ademais de ser unha falsa saída temporal, empeora as condicións para a industria electrointensiva, porque reduce a menos da metade a potencia interrompíbel na subasta correspondente ao primeiro semestre do 2020 e porque ademais elimina os bloques de 40 MW.

Entendemos que é necesario actuar na dirección contraria á que establece esta resolución e é urxente contar cun Estatuto da industria electrointensiva que, con carácter xeral, libere a factura de peaxes que non teñen relación directa co funcionamento do sistema eléctrico: Primas ás renovábeis, costes extrapeninsulares, pagos por capacidade, nucleares e déficit tarifario. O coste destas peaxes debe ser asumido polos Presupostos do Estado.

Loxicamente, isto permitirá exixir como contrapartida ás industrias que se acollan o Estatuto un esforzo en inversións e melloras nos procesos produtivos que reduzan o impacto ambiental e garanta manter e ampliar o emprego directo.

Ademais da situación descrita en relación a aprobación do estatuto electrointensivo, no caso de Ferroatlántica na nosa comarca, coa concesión das centrais hidroeléctricas que están vinculadas a actividade productiva de ferroaleacións, goza dunha situación máis favorábel podendo legalmente optar polo autoconsumo o que xera unha maior estabilidade, vital para o mantemento de actividade e dos postos de traballo, polo que a administración autonómica debe velar polo cumprimento do título concesional é esixir aos novos propietarios un plan de viabilidade que garanta o mantemento da actividade productiva e dos postos de traballo.

Por todo o exposto, propoñemos ao pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a aprobación inmediata dun estatuto para a industria electrointensiva que estableza unha tarifa estábel e economicamente asumíbel que permita a competitividade industrial e o mantemento dos postos de traballo.
2. Así mesmo, instar ao Goberno español a aprobación urxente dun paquete de medidas para conseguir que a industria electrointensiva teña a máxima compensación permitida pola LJE por CO2 indirecto, para competir con industrias similares instaladas noutros lugares do mundo onde non se limitan as emisións de dióxido de carbono.
3. Instar a Xunta de Galicia a que, dentro das súas competencias, esixir os novos xestores da empresa Ferroatlántica un plan de viabilidade, xa que a empresa explota recursos naturais e ten que ser garante da actividade de ferroalixes e os postos de traballo."

Sométese á votación a moción e resulta ditaminado favorablemente no seguinte sentido: 2 abstencións do grupo político PP e 6 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á



sesión.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A secretaria, ROCIO HERMIDA CANCELA

A presidenta, MARGARITA LAMELA LOUZAN"

INTERVENCIONS

Sr Dominguez Louro: moito do argumentario de antes para o tema da lei de costas podía repetilo agora pero non é cuestión de repetir polo tanto pensamos que estamos, facendo un símil co fútbol no partido final, acabando o tempo e non hai prórrogas quedan os penaltis, van non sei cantas iniciativas que o Bng trouxo a este pleno, a postura pouco variou confío que hoxe de aquí saia un acordo unánime de apoio a esta moción porque estamos nun momento sen retorno, do todo ou do nada, acaban de pechar o forno 13 e despedir a 14 traballadores non é a primeira vez que o pecha pero ata agora poñían data estimada para volver abril, esta vez non foron capaces de poñer esa data e fano polo que xa avisamos aquí na ultima moción porque a nova Ferroatlántica depende de Ferroglobe da empresa que lle vendeu as concesións, dicíamos que non hai marcha atrás, non hai tempo a moito mais pediría o PSOE que haxa un estatuto xa, unha tarifa eléctrica galega xa, inda que o Sr Feixo non o entenda que diga que en Madrid non o entenderían porque os vascos a teñen, non é de recibo que Galicia exporte e dea enerxía o estado español a Madrid concretamente e que seamos os que a pagamos mais cara e por enriba as empresas se vaian cos nosos bens co noso vento e auga iso pasou en africa cando lle marcharon cos minerais e diamantes e chamábanlle colonias non queremos ser unha colonia de Madrid queremos unha vida propia que lle esixa o PP ese plan de viabilidade explotan os nosos recursos naturais a auga do río Xallas e do río grande que cumpran coa comarca, é o único que se lle pida e polo tanto señores do PP enfréntense os que lle mandan que non pode seguir así que se nos está acabando o tempo, hai gurús que nos dín que o turismo que é unha oportunidade que vamos vivir do turismo pero é unha falsa realidade o turismo ten que ser un pe mais, hoxe aprobarase uns estatutos duna nova asociación e o Bng vai estar aí, hai que manter o que temos pero incluso amplialo, digollo Sres do PP e Psoe e Sras cada un facendo o que teñan que facer cos seus respectivos en Madrid e en Compostela, diganlle que se nos acaba o tempo e necesario romper con esta espiral que nos leva o fondo do pozo non hai desculpa neste momento teñen que facelo si ou si, e por suposto volvo a repetir o deputado que temos en Madrid unha das propostas que se lle puxo para apoiar a Pedro Sánchez solo para ser investido era precisamente este estatuto das electrointensivas polo tanto si non o cumpre o apoio do Bng non é un cheque en branco vai ter que cumprir e Vdes cumpran coa súa palabra e senón díganlle os seus que se dediquen a outra cousa.

Sra alcaldesa: o goberno evidentemente vai votar a favor da moción eu estando na oposición recordo que no mes de marzo do 2019 fun a Madrid cos membros do comité de empresa para tratar o tema do estatuto do consumidor electrointensivo e tivemos reunidos co director xeral de industria, se habían iniciado os tramites do estatuto incluso había indicado que os prazos estaban moi xustos porque tiñan que aprobar antes da convocatoria das eleccións e non dou tempo porque se presentaron alegacións me consta que o goberno xa está a traballar e eu da mesma maneira que cando estaba na oposición e agora con mais forza vou a traballar e reclamar o estatuto porque considero que é primordial e necesario pero me consta que o goberno xa está traballando nelo respecto o plan da viabilidade cando estaba na oposición sempre manifestei a necesidade do plan de viabilidade que se asegura o mantemento da empresa a miña liña na oposición e agora no goberno é necesario ese plan de viabilidade e mais, se presentou polo partido socialista a proposta dos alcaldes socialistas da Costa da Morte, unha iniciativa parlamentaria que se debateu en outubro no parlamento galego onde o conselleiro Francisco Conde manifestou que alí, porque fun a esa sesión parlamentaria, que había esixido a Ferroatlántica o plan de viabilidade a ver agora si o pon encima da mesa, teño coñecemento polos medios de comunicación que os traballadores solicitaron unha reunión co conselleiro e esperamos que teña esas boas novas e por fin nos ensine o plan de viabilidade para



asegurar o mantemento de emprego porque si o tiveramos non creo que se pecharía o forno 13.

Sr Dominguez García: vamos apoiar a moción, por suposto, é certo que nos apoiamos a venda porque críamos que era mellor para Ferroatlántica porque entendiamos que os antigos donos estaban nunha situación económica delicada e críamos que un comprador novo con mais solvencia económica sería mellor, non estamos de acordo con que se cerre o forno, neso non habiamos quedado, quedamos que Ferroglobe compraría todo o produto terminado de Ferroatlántica, vamos pedir que a xunta sexa vixiante coas condicións da concesión e si se toca a mais mínima se inicie o rescate da concesión hidráulica a esta nova empresa e vamos apoiar esta moción e cando votamos en contra da moción do BNG é porque membros do comité de empresa unha parte que a outra non se puxo en contacto con nos, nos pediron que non a votaramos de momento, por eso o fixemos.

Sr Dominguez Louro: membros dos seu partido dixeran días despois nos bares e disculpándose con traballadores de Ferroatlántica porque a presentara o BNG eso foi así, pero mire é igual, Vdes non votaron porque teñen fe, porque acaba de dicilo porque confiamos en que a empresa, non señores son buitres financeiros que veñen aquí a explotar, non lle importamos nada, e deberon naquel momento apoiar a moción porque non pasaba nada por apoiar pero non se queren enfrentar os seus, non pasaba nada Sr Dominguez.

Sr Dominguez García: enfrenteime mais que Vde nunca porque son coma ovelliñas, non é o caso noso, non nos confundamos que non somos todos iguais.

Sr Dominguez Louro: afortunadamente non somos todos iguais.

Sr Vigo: nos niso somos afortunados porque somos 3 ovelliñas nada mais, simplemente significa para baixar tamén a tensión porque é importante o tema serio é que hai un matiz diferenciador e importante respecto a esta moción e a que votamos con anterioridade, na anterior as empresas interesadas no sector están na mesma liña, os traballadores, a xente dar rúa porque os intereses son comúns, no caso que estamos a tratar desgraciadamente non, non é algo novo, dende o ano 92 que deixou de ser Carburos e pasou a Ferroatlántica progresivamente foron solventándose problemas puntuais e sen entrar a valorar culpas de moitos que xa non da empresa senón de mais, a situación actual é a é e van digamos recibindo os golpes en canto a cesións fundamentais que lles afectan o obxectivo non nos engañemos é marchar e quen non o teña claro está equivocado, non queren estar aquí, non é importante na súa folla de ruta, non é significativo economicamente para a empresa que antes aínda tiña unha presenza física a que dirixirse, agora non, non sabes practicamente nada incluso se poñen a marxe quen estaba ou participaba que o fará dalgún xeito, pero economicamente para nos é fundamental e sobre todo hai unha realidade a defender, que os recursos que explotan son do territorio, non están aquí con recursos propios non viñeron montar unha nave, necesitan algunha parte da súa actividade, os recursos naturais, nos aguantamos moitos días, tempo coma hoxe e eso fai que xenere riqueza nesta empresa en concreto, entón nos estamos dispostos e nos gusta a aguantar días coma hoxe pero tamén a que si se explotan recursos que veñen condicionados a ter este tempo, pois se reflicta dalgún xeito no colectivo social do noso territorio, os traballadores son os grandes beneficiarios iniciais e despois o resto da sociedade tamén porque todo eso repercute na comarca e no seu desenvolvemento estamos cansos de estar aquí a diferenza respecto a cee cos concellos do entorno, está claro que esa empresa é fundamental na nosa economía e si se cae esa pata as cousas van ir francamente mal porque o resto vai ir caendo por añadidura entón por suposto que sempre estaremos de lado das medidas que se intenten conseguir e solicitar dende a nosa pouca capacidade executiva que temos neste ámbito pero si de representación e de estar aí ata agora fomos gañando batallas o longo da guerra pero por suposto que vamos apoiar a moción.

VOTACIÓN

Sométese á votación o ditame e resulta aprobado por unanimidade.

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	3	-	2	1

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

4. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do Regulamento Orgánico da Corporación.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día martes 21 de xaneiro de 2020 emitíuse o seguinte DITAME:

2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do Regulamento Orgánico da Corporación.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Regulamento Orgánico da Corporación.

EXPEDIENTE Nº: 2020/G013/000001

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o expediente tramitado ao efecto e o informe favorable emitido pola Secretaria Municipal, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Regulamento Orgánico da Corporación que se transcribe:

“REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CEE

PREÁMBULO

A Constitución Española de 1978 garante a autonomía dos Municipios que son parte da organización territorial do Estado. As dúas manifestacións derivadas do principio de autonomía son as potestades regulamentarias e de auto-organización e ambas as dúas corresponden aos Concellos, segundo se desprende do preceptuado tanto na Carta Europea de Autonomía Local –ratificada por España por instrumento de 20 de xaneiro

de 1988-, como na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Regulamento Orgánico é froito da combinación das dúas manifestacións: Do poder de innovar o ordenamento xurídico e da potestade auto-organizadora.

Este Regulamento, polo tanto, ten como obxecto regular o Estatuto dos Concelleiros, a existencia dos órganos municipais e o procedemento a seguir para dotar a esta administración de maior eficacia na toma de decisións e na execución das mesmas.

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1º.

O concello de Cee, no exercicio da potestade regulamentaria de auto-organización que lle recoñece a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, promove, polo presente Regulamento, a súa organización e réxime de funcionamento de órganos básicos e complementarios que no mesmo establécense.

Artigo 2º. Fontes normativas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Na regulación das materias obxecto deste Regulamento rexe a seguinte prelación de fontes:

- a) A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- b) A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- c) O presente Regulamento Orgánico Municipal.
- d) A lexislación do Estado, en especial o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, para aquelas materias non reguladas polo presente Regulamento Orgánico e para cando este resulte insuficiente. Polo tanto, as disposicións do presente Regulamento orgánico serán de aplicación preferente ás contidas no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Artigo 3º. Interpretación do ROM.

Corresponde a Alcaldía ditar instrucións interpretativas e aclaratorias da normativa descrita neste Regulamento para a súa aplicación, previo informe da Secretaría Municipal.

TÍTULO I. DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Artigo 4º. Constitución dos grupos municipais

1. Os membros da Corporación a efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos. Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.
2. Os Grupos Políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentarán na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.
3. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de Portavoz do Grupo, podendo designarse tamén suplentes.
4. Da constitución dos Grupos Políticos e dos seus integrantes e Portavoces, o Presidente dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo previsto no punto 2.

Artigo 5º. Requisitos

- 1.- Cada partido político, federación, coalición o agrupación constituirá un único grupo. En consecuencia, os grupos políticos municipais constitúense en función da lista electoral pola que foron elixidos.

En ningún caso poderán constituírse en grupo municipal separado as/os concelleiras/os que pertencen a unha mesma lista electoral.

- 2.- Para constituír grupo político municipal requíranse un mínimo de dous concelleiros/as.
- 3.- O Grupo mixto estará constituído polas concelleiras/os que, tendo sido elixidos por unha determinada lista electoral, non tivesen acadado o número de concelleiros suficientes para constituír grupo municipal propio. No suposto de que non existira grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivera un só representante.
- 4.- Durante o mandato da corporación ningún membro poderá integrarse nun grupo distinto daquel no que o fixera inicialmente.
5. Os membros da Corporación que adquiren a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva da mesma deberán incorporarse ao grupo correspondente á lista electoral pola que foran elixidos, ou, no seu caso, ao grupo mixto, mediante escrito dirixido ao Sr/a. alcalde/alcaldesa cursado no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día da toma de posesión do cargo. A este escrito deberán acompañar a conformidade do portavoz do grupo ao que se adscriba.
6. Cando a maioría de concelleiros dun grupo político municipal abandone a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados da mesma, serán os concelleiros que permanezan na citada formación política os lexítimos integrantes do devandito grupo político para todos os efectos. En calquera caso, a Secretaría poderá dirixirse ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura a efectos de que notifique a acreditación das circunstancias sinaladas.



7. Corresponde aos Grupos Políticos designar, mediante escrito do seu Portavoz dirixido ao Presidente e nos termos previstos en cada caso no presente Regulamento, a aqueles dos seus compoñentes que haxan de representalos en todos os Órganos colexiados integrados por membros da Corporación pertencentes aos diversos Grupos.

8. A situación no Salón de Plenos de cada un dos corporativos, será sinalada polo alcalde/alcaldesa da Corporación ditará a resolución correspondente, e tendo en conta, en calquera caso, que a colocación dos membros corporativos tenderá sempre a facilitar a emisión e reconto dos votos.

Artigo 6º. Membros non adscritos

1.- As/os concelleiras/os que adscritos inicialmente a un grupo desexen abandonalo, deberán dirixirse por escrito ao Alcalde/alcaldesa e a efectividade do abandono do grupo municipal ó que pertencía será dende a data de presentación do escrito no Rexistro Xeral do Concello. No caso de seren expulsados dun grupo político, o voceiro do mesmo presentará escrito dirixido ao Alcalde/alcaldesa no que se poña de manifesto de xeito fidedigno e se acredite dita expulsión.

2.- As/os concelleiras/os que opten por non incluírse en ningún grupo político municipal terán a consideración de concelleiras/os non adscritas/os.

3.- A consideración dunha concelleira/o como non adscrita/o non menoscabará, en ningún caso, os dereitos e obrigas que en canto á participación na organización municipal corresponde a toda concelleira/o de acordo co Artigo 20 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do Réxime local. Terán o dereito de asistir ás Comisións Informativas convocadas de acordo co previsto neste regulamento e terán nas mesmas dereito de voto. Se o número de concelleiros non adscritos impide que a composición das Comisións Informativas se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na corporación, dita proporcionalidade volverá a recalcularse.

Artigo 7º.- Portavoces

1. Será Portavoz de cada Grupo Municipal, o que designe cada un no momento da súa constitución ou ben o que posteriormente sexa designado pola maioría dos compoñentes da lista respectiva.

2. No caso do grupo mixto poderá establecerse unha quenda rotativa para desenvolver a función de portavoz.

3. O portavoz de cada grupo será o encargado de intervir, normalmente, nas deliberacións dos asuntos.

4. As modificacións respecto aos voceiros/as ou suplente serán efectivas dende a presentación do escrito no Rexistro Xeral. En consecuencia na vindeira sesión plenaria que se celebre a continuación, fixarase a toma de coñecemento como punto da Orde do Día, despois de aprobar a acta se a houbese.

TITULO II. ESTATUTO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

Artigo 8º. Dereito a información.

1. Os/as concelleiros/as teñen dereito a obter cantos antecedentes, datos ou informes obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

2. As solicitudes de petición de información deberán realizarse por escrito de xeito motivado e razoadamente, presentado perante o Rexistro xeral do Concello. Esta solicitude será contestada no prazo máximo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte da súa presentación no rexistro.

3. Cando se reclame por unha concelleira/o calquera tipo de información, deberá atenderse e facilitárselle coa maior dilixencia posible. Non obstante, cando a petición sexa de difícil cumprimento pola súa extensión ou cando o traballo de facilitala supoña prexuízo para o servizo correspondente, poderá demorarse a información mediante decisión motivada.

4. Procurarase que a petición de información sexa simplemente dar vista no expediente.

5. A consulta de calquera tipo de documentación deberá realizarse sempre nas dependencias nas que se atope sen que en ningún caso poda sacarse delas a documentación orixinal. A consulta farase diante dun funcionario que levantará dilixencia de acceso á mesma.



6. As/os concelleiras/os velarán porque a atención das súas peticións de información non entorpezan o normal funcionamento da dependencia correspondente.

7. As/os concelleiras/os teñen o deber de gardaren reserva en relación coas informacións que se lles faciliten e queda expresamente prohibida a reprodución exacta da documentación facilitada para o seu estudo nin a súa gravación por calquera medio. O alcalde/alcaldesa poderá sancionar ás/ós concelleiras/os polo incumprimento destas obrigas, nos termos que se establezan polas leis do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

8. Sen necesidade de que o membro da Corporación estea autorizado, os servizos administrativos municipais estarán obrigados a facilitar a información solicitada, nos seguintes casos:

- Cando se trate do acceso dos membros da Corporación que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión á información propia das mesmas.

- Cando se trate do acceso de calquera membro da Corporación á información e documentación correspondente aos asuntos que haxan de ser tratados polos órganos colexiados de que formen parte, así como ás resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal.

- Cando se trate do acceso dos membros da Corporación á información ou documentación da Entidade Local que sexa de libre acceso para os cidadáns.

Artigo 9º. Rexistro de intereses.

1. O Pleno da Corporación aprobará os modelos de Declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades, de causas de posible incompatibilidade e relación de actividades.

2. Os membros da Corporación Local deberán realizar as declaracións antes enumeradas nas seguintes circunstancias:

- Antes de tomar posesión do seu cargo, e con ocasión do seu cese e ao final do mandato.

- Cando se produzan variacións ao longo do mandato. Neste caso, o termo para comunicar as variacións será dun mes a contar desde o día en que se produciron.

3. Para salvaguardar a privacidade e seguridade dos membros da Corporación excluíranse, tendo en conta a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais como: DNI, enderezos, números de teléfono, números de contas bancarias, matrículas de automóbiles e calquera outro que corresponda en aplicación da citada normativa, así como os datos que permitan a localización dos seus bens (referencias catastrais, número finca rexistral, etc...).

4. De todas as declaracións que se presenten entregárase unha copia dilixenciada ao interesado e o orixinal quedará na Secretaría durante o mandato do declarante, para a súa custodia en lugar pechado.

5. Ao rematar o mandato da Corporación as declaracións presentadas ao iniciarse ou as que foron presentadas durante o mesmo encadernaranse e arquivaranse definitivamente.

6. O secretario/a municipal velará polo cumprimento desta obriga, poñendo, se fose o caso, en coñecemento da autoridade competente a omisión da mesma.

Artigo 10º. Acceso ao Rexistro de intereses.

1. O acceso ao Rexistro de causas de incompatibilidade, de actividades e de bens patrimoniais, será o establecido na lexislación vixente.

2. Do Rexistro de bens patrimoniais poderán expedirse certificacións unicamente a petición do declarante, do Pleno, da Xunta de Goberno Local, do alcalde/alcaldesa, do representante legal do partido ou formación política pola que houbera sido elixidos ou de órgano xurisdiccional.

Artigo 11º. Dereito e deber de asistencia.

Os membros da Corporación teñen o dereito e a obriga de asistir a tódalas sesións do Pleno e das Comisións das que formen parte, agás causa xustificada que llo impida e que deberán comunicar con antelación suficiente a Alcaldía, ao Presidente do órgano correspondente ou na Secretaría da Corporación.

Artigo 12º. Deber de reserva e sixilo.

Tódolos membros da Corporación teñen a obriga de gardar reserva e sixilo en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións,



singularmente das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se atopan pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución de documentos que podan facilitárselle para o seu estudio.

TÍTULO III. A ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

Artigo 13. Órganos necesarios e complementarios

1. Son órganos necesarios do Concello os seguintes:

- Alcalde/sa
- Tenentes de Alcalde/sa
- Pleno
- Xunta de Goberno Local, sempre e cando o Concello conte con máis de 5.000 habitantes ou que así se acorde polo Pleno da Corporación.
- Comisiones informativas, sempre e cando o Concello conte con máis de 5.000 habitantes ou que así se acorde polo Pleno da Corporación, e a Comisión Especial de Contas en todo caso.

2. Poderán ser órganos complementarios do Concello, previo acordo de creación por parte do Pleno Municipal, os seguintes:

- Comisión de coordinación municipal
- Consellos sectoriais
- Representantes parroquiais.

Artigo 14º. Competencias

As atribucións do Alcalde/sa, do Pleno e da Xunta de Goberno Local, son as que veñen determinadas na Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (Lei 7/85, de 2 de Abril), así como no Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (R.D.L. 781/1986, de 18 de Abril).

CAPÍTULO PRIMEIRO. ÓRGANOS UNIPERSONALES DO MUNICIPIO

Artigo 15º. Do alcalde/sa.

1. O alcalde ou alcaldesa ostenta a máxima representación do municipio e é responsable da súa xestión política ante o Pleno.
2. Correspóndelle ao alcalde ou alcaldesa o exercicio das atribucións que as leis lle confiran.
3. Correspóndelle así mesmo ao alcalde ou alcaldesa o nomeamento dos/as tenentes de Alcalde.
4. O Alcalde poden efectuar delegacións en favor da Xunta de Goberno Local se a houbera. Pode tamén efectuar delegacións xenéricas en favor dos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local e delegacións específicas en favor de calquera dos Concelleiros, aínda que non pertencen a dita Comisión.
5. O número e a denominación das distintas áreas de servizos que poden ser obxecto de delegación será de libre determinación polo Alcalde

Artigo 16º. Tenentes de Alcalde/sa

1. Os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local nos casos en que este órgano exista, e o seu número non poderá ser superior ao número de membros que compoñen a Xunta de Goberno Local. Cando este órgano non exista poderán ser nomeados entre os concelleiros/as no número máximo que correspondería de existir Xunta de Goberno Local.
2. Os nomeamentos e os cesamentos faranse mediante Resolución do Alcalde da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde, se nela non se dispuxese outra cousa.
3. A condición de Tenente de Alcalde pérdese, ademais de por o cesamento, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local.
4. Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que



imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

5. Nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda sen expresa delegación.

6. Nos supostos en que o Alcalde se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas, sen conferir a delegación ou cando por causas imprevistas lle resultase imposible outorgala, substituiralle na totalidade das súas funcións o Tenente de Alcalde a quen corresponda, dando conta ao resto da Corporación.

7. Nos supostos de substitución do Alcalde por razóns de ausencia ou enfermidade, o Tenente de Alcalde que asuma as súas funcións non poderá revogar as delegacións que outorgase o primeiro.

Artigo 17º. Concelleiros delegados.

1. Os Concelleiros Delegados son aqueles que ostentan algunhas das delegacións de atribucións realizada polo Alcalde, sempre que sexa nunha das materias delegables reguladas na Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, e que se fará mediante un Decreto da Alcaldía, no que se especifique cales son as competencias delegadas e as condicións do exercicio da facultade delegada.

2. Cando a delegación refírese xenericamente a unha materia ou sector de actividade sen especificación de potestades, entenderase que comprende todas aquelas facultades, dereitos e deberes referidos á materia delegada que corresponden ao órgano que ten asignadas orixinariamente as atribucións coa soa excepción das que segundo a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local son materias non delegables.

3. A delegación de atribucións requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do Delegado. A delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación do acordo, o membro ou órgano destinatario da delegación non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

4. Se no Decreto de delegación non se dispón outra cousa, o Alcalde/sa conservará as seguintes facultades en relación coa competencia delegada:

- A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanadas en virtude da delegación.

- A de ser informado previamente á adopción de decisións de transcendencia.

- Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, a este a resolución dos recursos de reposición que se interpoñan, salvo que no Decreto de delegación expresamente se confíra a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

5. No suposto de revogación de competencias delegadas, o Alcalde/sa poderá revisar as resolucións adoptadas polo Concelleiro Delegado nos mesmos casos, e condicións establecidas para a revisión de oficio dos actos administrativos.

6. Pérdese a condición de Concelleiro Delegado:

- Por renuncia expresa, que haberá de ser formalizada por escrito ante a Alcaldía.

- Por revogación da delegación, adoptada polo Alcalde coas mesmas formalidades previstas para outorgala.

- Por perda da condición de membro da Corporación Municipal.

CAPÍTULO SEGUNDO. ÓRGANOS COLEXIADOS DO MUNICIPIO.

SECCIÓN PRIMEIRA. O PLENO

Artigo 18. Réxime xeral de funcionamento.

1. O funcionamento das sesións do Pleno do Concello será o previsto na Lei da Administración Local de Galicia, na Lei de Bases de Réxime Local e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, sen prexuízo do que se regulará nos Artigos seguintes, asimilándose os concelleiros/as non adscritos aos grupos políticos Municipais.

2. O réxime de sesións ordinarias o fixará o Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre despois do Pleno constitutivo da corporación, que non poderá exceder do límite mensual que se



recolle no art. 46.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, e o art. 210.2 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

3. O Pleno sinalará igualmente os días e horas en que terán lugar as sesións ordinarias, que poderán ser cambiado en calquera momento posterior polo devandito órgano. De igual modo poderase demorar ou anticipar nunha semana a data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente.

4. As sesións poderán celebrarse en primeira ou segunda convocatoria. A segunda convocatoria será dous días despois da sinalada para a primeira ou ao día seguinte hábil si coincidise en festivo. Neste caso non sería necesario o envío da Orde do Día, pero si a notificación da súa celebración en segunda convocatoria.

5. A convocatoria corresponde ao Alcalde/sa, debendo ser motivada as das sesións extraordinarias. A convocatoria, orde do día e borradores das actas deberán ser notificados a través de correo electrónico, ou a través doutra fórmula, sempre que quede debidamente acreditado o cumprimento deste requisito.

6. As sesións extraordinarias convocadas con tal carácter a solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación, deberán pedirse por escrito no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os que a subscriben. Tamén deberán acompañar a devandito escrito todos os documentos que haxan de estar ao dispor dos señores concelleiros na Secretaría Xeral, desde o momento da convocatoria.

7. O/A Alcalde/sa convocará aos Concelleiros a sesión ordinaria ou extraordinaria con dous días hábiles de antelación.

8. Calquera que sexa a clase de sesión, deberá respectar o principio de unidade de acto e procurarse que remate o mesmo día do seu comezo. Se esta terminara sen que se debateran todos os asuntos incluídos na orde do día, o Presidente poderá levantar a sesión. Neste caso os asuntos non debatidos deberán incluírse na orde do día da seguinte sesión.

9. O horario para exame de expedientes será o correspondente ao normal de oficina. No entanto, aquel poderá ser ampliado pola Presidencia cando o número ou a importancia dos asuntos así o requira. Dita ampliación será posta en coñecemento dos señores Concelleiros e da Secretaría Xeral. Baixo ningún concepto os expedientes poderán extraerse da Secretaría Xeral.

10. Si varios Concelleiros desexasen examinar os expedientes á vez, distribuiránllos entre eles mesmos. Si non se puxesen de acordo, requirirán ao Secretario para que emita un informe-proposta verbal. Si dita proposta tampouco satisfai aos interesados, someterase á decisión do Sr. Alcalde-Presidente, que resolverá distribuíndo o tempo e os expedientes de forma que estes poidan ser vistos por quen daqueles quixesen facelo.

Artigo 19.- Gravación das sesións plenarias.

1. As sesións plenarias son públicas polo que se permite a gravación dos Plenos por calquera medio (son, video etc) que facilite a súa difusión, como establece o artigo 88.2 do ROF, garantindo o dereito recoñecido constitucionalmente a comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión, coa única excepción de que se trate de asuntos cuxo debate e votación sexa secreto por poder afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o Artigo 18.1 da Constitución, cando así se acorde polo Pleno por maioría absoluta.

Pola alcaldía-presidencia poderase limitar este dereito, de forma debidamente motivada, por razóns de limitación de aforo, de alteración do orde público, de concorrencia en masa de medios de comunicación ou calquera outro previsto na lexislación vixente que impida o desenvolvemento normal da sesión.

2. A publicación dos datos gravados por calquera interesado implica unha cesión de datos ou comunicación de datos de carácter persoal amparada pola Lei sendo responsables do uso que se faga delas as persoas que os difundan e non o concello.

Artigo 20. Estrutura das sesións plenarias ordinarias.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



1. O desenvolvemento das sesións ordinarias poderán axustarse á seguinte estrutura:

PARTE RESOLUTIVA

- a) Aprobación da acta ou actas das sesións anteriores.
- b) Asuntos ditaminados polas comisións informativas, no caso de que este órgano existira.
- c) Proposicións non ditaminadas.

PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

- d) Dación de conta dos Decretos ou Resolucións de Alcaldía ou concelleiros/as delegados/as.
- e) Dación de conta de informes/remisións ao Estado etc.
- f) Mocións urxentes.
- g) Rogos e preguntas.

2. Todos os asuntos se debaterán e votarán polo orde no que estivesen relacionados no orde do día. Non obstante, o/a Presidente/a pode alterar o orde dos temas, retirar un asunto ou deixalo sobre a mesa, ben de oficio ou ben a petición de calquera membro corporativo. Neste último caso, que o solicite outro concelleiro, de non aceptarse pola Presidencia a petición de retirada do expediente, a proposta de retirada someterase a votación, requiríndose o voto favorable da maioría dos asistentes para a súa aprobación. O/a Secretario/a-interventor/a poderá interesarse tamén da Presidencia que deixe un asunto sobre a mesa cando deba evacuar informe e non poidan emitilo no acto. Os asuntos que queden sobre a mesa incluíranse necesariamente no orde do día da sesión seguinte.

Artigo 21. Orde do día.

1. A Orde do Día das sesións será fixado polo/a Alcalde/sa asistido do Secretario/a. Os asuntos que se inclúan na Orde do Día deberán estar, previamente, ditaminados ou informados pola Comisión Informativa correspondente, no caso de que o Pleno acorde a súa constitución.
2. Cando non houbera creada Comisión Informativa con competencias por razón da materia que sexa obxecto do asunto a incluír na orde do día, o ditame ou informe previo non será esixible, nin para a dita inclusión nin para a válida adopción do acordo. Dito ditame substituirase pola proposta correspondente.
3. A consideración de cada punto engadido na orde do día, iniciarase mediante a exposición do asunto pola Alcaldía-Presidencia, quen poderá delegalo no voceiro/a do grupo político municipal gobernante, ou concelleira/o delegada/o, ou solicitar da secretaria/o que proceda sen máis a ler a proposta do alcalde ou o ditame da comisión informativa.
4. No suposto de propostas e mocións presentadas por grupos políticos, a exposición realizarase, nun prazo máximo de cinco minutos, polo voceiro/a do grupo propoñente ou pola/o concelleira/o en quen este delegue.
5. Se ninguén solicitase a palabra trala exposición, o asunto someterase a votación, e en caso de debate desenvolverase de acordo co establecido neste regulamento.
6. Na orde do día só poden incluírse os asuntos que sexan previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda.

O/A Alcalde/sa, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgún dos Portavoces, asuntos que non sexan previamente informados pola respectiva Comisión Informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse Acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.

Artigo 22. Desenvolvemento da sesión e dos debates.

1. Aberta a sesión o Secretario procederá á lectura da acta da sesión anterior, agás que se recibira previamente copia da mesma, nese caso tense por lida, quedando aprobada si ningún dos asistentes formulase reparos. Si houbera oposición a Corporación decidirá, por maioría simple, a súa aprobación ou modificación, que en ningún caso afectará ao fondo dos acordos adoptados e só se poderán emendar os meros erros materiais ou de feito.



2. No caso de producirse debate dentro do asunto da orde do día a tratar, cumpríranse as seguintes normas:

- Só poderá facerse uso da palabra previa autorización da Presidencia.
- Nas deliberacións poderán intervir cada Grupo Municipal mediante o Portavoz ou outros membros pola orde número de representantes na Corporación, de maior a menor, sendo o último o Grupo Mixto (de existir). Esta primeira intervención non excederá de cinco minutos, podendo aumentar o alcalde/ alcaldesa/presidente/a de xeito motivado a duración do mesmo.
- De o solicitar algún grupo, procederase a unha segunda quenda. Esta segunda intervención non excederá de tres minutos
- quen se considere aludido por unha intervención, poderá solicitar do Alcalde que se conceda unha quenda por alusións, que será breve e conciso, sen que poida exceder dun minuto e medio.
- O Presidente poderá reducir ou ampliar os tempos de intervención nos debates en razón da importancia ou transcendencia do asunto.
- O tempo que lle corresponda ao grupo mixto poderá repartirse por igual entre os representantes das listaxes que o integran.
- No caso da existencia de concelleiras/os non adscritas/os en ningún grupo político municipal, respectaráselles o 50% dos tempos antes sinalados nas súas intervencións.
- O debate do asunto pecharase cunha intervención do alcalde/alcaldesa - presidente previo a votación correspondente.
- A Presidencia velará porque se cumpran os tempos, procurando que as intervencións de todos os grupos teñan unha duración similar.
- Os membros da Corporación poderán, en calquera momento do debate, pedir a palabra para expor unha cuestión de orde, invocando para o efecto a norma cuxa aplicación reclama. O Presidente resolverá o que proceda sen que por este motivo establézase debate algún.
- O Secretario e o Interventor poderán intervir cando foren requiridos polo Presidente por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Cando devanditos Funcionarios entendan que no debate expúxose algunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou puidese ter implicacións económicas poderán solicitar ao Presidente o uso da palabra para asesorar á Corporación.
- O Presidente poderá acordar, durante o transcurso da sesión, que se interrompa a mesma para permitir as deliberacións dos Grupos sobre a cuestión debatida ou para descanso dos debates. Estas interrupcións non terán duración superior a dez minutos.

3. O Alcalde poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación ou do público que:

- a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos seus membros, das Institucións Públicas ou calquera outra persoa ou Entidade.
- b) Produza interrupcións ou de calquera outra forma altere a orde das sesións.
- c) Pretenda facer uso da palabra sen que lle fora concedida ou unha vez que lle foi retirada.

Tras tres chamadas á orde na mesma sesión (ou dúas chamadas á orde no debate dun mesmo asunto), coa advertencia na última, das consecuencias dunha nova chamada, o Presidente poderá ordenar a un Concelleiro, ou persoa do público, que abandone o local en que se está celebrando a reunión, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

4. Nos supostos en que, de conformidade co establecido no Artigo 76 da Lei 7/85, algún membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación, deberá abandonar o Salón mentres se discuta e vote o asunto, salvo cando se trate de debater a súa actuación como Corporativo, en que terá dereito a permanecer e defenderse.

4. Terminoloxía no desenvolvemento da sesión plenaria.

Utilizarase será a seguinte:

— Ditame: é a proposta sometida ao Pleno tras o estudo do expediente pola Comisión Informativa. Contén una parte expositiva e un Acordo a adoptar.



— **Proposición:** é a proposta que somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día, que acompaña á convocatoria. Conterá una parte expositiva ou xustificación e un acordo, así mesmo, a adoptar. Non procederá entrar a debater nin votar una proposición sen que previamente se ratificou, de acordo co disposto no artigo 74, parágrafo terceiro, deste Regulamento.

— **Moción:** é a proposta que se somete directamente a coñecemento do Pleno ao amparo do previsto no artigo 84, parágrafo sexto, deste Regulamento.

— **Voto particular:** é a proposta de modificación dun Ditame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa. Deberá acompañar ao Ditame desde o día seguinte á súa aprobación pola Comisión.

— **Emenda:** é a proposta de modificación dun Ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto.

— **Rogo:** é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos Órganos de Goberno municipal.

— **Pregunta:** é calquera cuestión exposta aos Órganos de Goberno no seo do Pleno.

Artigo 23. Votación.

1. Finalizado o debate dun asunto, procederase á súa votación. Unha vez iniciada a votación non pode interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación, o Presidente non concederá o uso da palabra e ningún membro corporativo poderá entrar no Salón ou abandonalo.

2. O voto dos Concelleiros é persoal e indelegable.

3. As votacións poden ser ordinarias, nominais e secretas:

Son ordinarias as que se manifestan por signos convencionais de asentimento, disentimento ou abstención. Son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabética de apelidos e sempre en último lugar o Presidente e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, responde en voz alta “sí”, “non” “ou “me absteño”.

Son secretas as que se realizan por papeleta que cada membro da Corporación vaia depositando nunha urna ou outro recipiente axeitado.

4. O sistema normal de votación será a votación ordinaria. A votación nominal requirirá a solicitude dun Grupo Municipal aprobada polo Pleno por unha maioría simple en votación ordinaria, de acordo co disposto no Artigo 46 da Lei 7/85.

5. Terminada a votación ordinaria, o Presidente declarará o acordado. Inmediatamente de concluír a votación nominal ou secreta, o Secretario computará os votos emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, en vista do cal o Presidente proclamará o acordo adoptado.

Artigo 24. Mocións.

1. Moción é a proposta que se somete directamente a coñecemento do Pleno.

2. Nas sesións ordinarias, antes de entrar no último punto relativo a rogos e preguntas, o presidente/a preguntará se algún grupo municipal, por razóns de urxencia, desexa someter á consideración do Pleno algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no último punto (rogos e preguntas). Estas mocións deberán referirse só a asuntos de competencia plenaria, entendendo por tales os establecidos no Artigo 22 da Lei 7/85, de 2 de abril e do Artigo 50 do ROF. Cada grupo político e membros non adscritos poderán presentar como máximo dúas mocións urxentes por sesión plenaria ordinaria.

3. Non será preciso presentar as mocións por rexistro de entrada, nin con anterioridade á celebración do Pleno. Non obstante recoméndase a presentación en dito rexistro cunha antelación de corenta e oito horas para que se poida estudar o asunto co obxecto de facilitar a participación dos distintos grupos políticos, aos que se lles dará traslado da mesma.

4. No caso de que non se presente coa antelación prevista no punto anterior, o grupo que a presente deberá facilitar aos diferentes voceiros e á Secretaría Municipal copia de dita moción antes de comezar o seu tratamento.

5. O voceiro/a do grupo político que presenta a moción xustificará a urxencia e o Pleno a votará debendo acadar o quórum de maioría absoluta do número legal de membros da corporación, non



podendo exceder a xustificación da mesma de tres minutos, e acto seguido se a urxencia prospera procederase coa lectura da moción polo voceiro do grupo político que a presenta, e logo terá lugar o seu debate (de acordo cos tempos establecidos neste regulamento para o debate dos asuntos e mocións incluídos na orde do día) e reflectirase o contido da mesma na acta da sesión.

6. De non prosperar a urxencia non se procederá á transcripción do texto da moción na acta e non se producirá debate.

Artigo 25. Rogos.

1. O rogo é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos de goberno municipal.

2 Poden formular rogos todos os membros da Corporación, oralmente ou por escrito

3 En ningún caso os rogos poderán ser sometidos a votación.

Artigo 26. Preguntas.

1. Preguntas é calquera cuestión formulada aos órganos de goberno no seno do Pleno. Poden formular preguntas de resposta oral e de resposta escrita todos os membros da Corporación ou os grupos municipais a través dos seus voceiros/as.

2. En ningún caso haberá lugar a desenvolverse debate motivado por unha pregunta.

3. O alcalde/alcaldesa – presidente/a non admitirá a trámite as preguntas nos seguintes casos:

- As que se refiran a asuntos alleos ás competencias municipais.
- As que sexan de exclusivo interese persoal de quen a formula ou de calquera outra persoa singularizada.
- As que supoñan unha consulta de índole estritamente xurídica.

4. As preguntas presentadas con 24 horas de antelación serán contestadas polo seu destinatario na sesión, ou por causas debidamente motivadas, na sesión seguinte.

5.- As preguntas plantexadas na propia sesión, serán xeralmente contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira responder inmediatamente.

Artigo 27. Das actas.

1.- De cada sesión o Secretario estenderá acta na que haberá de constar todos os requisitos que sinala o Artigo 109 do ROF. De non celebrarse sesión por falta de asistentes ou outros motivos, o Secretario suplirá a acta cunha Dilixencia autorizada coa súa firma, na que consigne a causa e nomes dos concorrentes e dos que escusasen a súa ausencia.

2. O Secretario redactará a acta de forma concisa, configurando un extracto do sucedido e recollendo as opinións sintetizadas dos membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións, plasmando de forma irrefutable os acordos e os antecedentes imprescindibles que lle sirvan de base.

3. Unha vez aprobada a acta polo Pleno, formará parte do Libro de Actas electrónico, autorizándoa coa sinatura do Alcalde e do Secretario.

4.- As sesións plenarias serán obxecto de gravación.

5.- As actas, unha vez aprobadas polo pleno publicaranse na páxina web municipal (Portal de Transparencia) e as gravacións das sesións plenarias publicaranse nas redes sociais (Facebok etc) e estarán a disposición dos cidadáns para a súa consulta pública. Exceptúase da antedita publicidade, aqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución, cando o pleno, por maioría absoluta, declare secreto o seu debate e votación.

SECCIÓN SEGUNDA. FUNCIONAMENTO DOS DEMÁIS ÓRGANOS NECESARIOS.

Artigo 28. As Comisións Informativas

A existencia das Comisións informativas non é preceptiva nos municipios de menos de 5.000 habitantes, polo que será o Pleno, se fora o caso, quen acordaría a súa creación e funcionamento, que en todo caso se rexerá polo establecido para este órgano colexiado no ROF.

Artigo 29. Comisión especial de contas.

A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o Artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril. Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as



contas, orzamentarias e extra-orzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na Lexislación reguladora da contabilidade das Entidades Locais.

Nela estarán representados todos os Grupos Políticos que integren a Corporación Municipal, de forma que a súa composición acomódese á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos como resultado das Eleccións, de tal maneira que o Partido ou Agrupación que ostente maioría absoluta na Corporación, manteña dita maioría no seo da propia Comisión.

Artigo 30.- Comisión de Coordinación municipal

A Comisión de Coordinación Municipal, presidida polo Presidente da Corporación integrarase polos/as concelleiros/as que ostenten en cada momento responsabilidades de goberno municipal e terá como obxectivo a coordinación do goberno municipal.

A periodicidade das súas reunións verá establecida pola súa convocatoria polo órgano competente.

Artigo 31.- Consellos Sectoriais

O Pleno do Concello poderá acordar o establecemento de Consellos Sectoriais. A finalidade destes órganos é a de canalizar a participación dos cidadáns e das súas asociacións nos asuntos municipais. Desenvolverán exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada Conselleiro.

A creación dos Consellos Sectoriais de Participación realizarase por Acordo do Pleno, acordando no mesmo a súa composición, organización e ámbito de actuación.

Cada Consello estará presidido por un membro da Corporación, nomeado e separado libremente polo Alcalde, que actuará como ligazón entre a Corporación e o Consello.

SECCIÓN TERCEIRA. FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Artigo 32. A Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local, celebrará sesión constitutiva, a convocatoria do Alcalde, dentro dos dez días seguintes a aquel en que este designe aos membros que a integran.

Celebrase por parte da Xunta de Goberno Local sesión ordinaria, como mínimo cada 15 días.

Corresponde ao Alcalde/sa fixar, mediante Decreto, o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria.

As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocada polo Alcalde/sa.

O Alcalde poderá en calquera momento reunir á Xunta de Goberno Local cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar Resolucións en exercicio das atribucións que lle correspondan.

As sesións celebraranse na Casa Consistorial.

Artigo 33. As regras especiais de funcionamento da Xunta de Goberno Local.

As regras de funcionamento, son as seguintes:

— Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, salvo no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por Acordo favorable da maioría dos membros.

— As sesións da Xunta non serán públicas, sen prexuízo da publicidade e comunicación á Administración Estatal e Autonómica dos Acordos adoptados. No prazo de dez días deberá enviarse, por correo electrónico, a todos os membros da Corporación copia da Acta.

— Para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes. Se non existise quórum, constituirase en segunda convocatoria, una hora despois da sinalada para a primeira, sendo suficiente a asistencia da terceira parte os seus membros e, en todo caso, un número non inferior a tres.

— O Alcalde dirixe e ordena ao seu prudente arbitrio os debates no seo da Comisión.



— Nos casos en que a Xunta de Goberno Local exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente.

— As Actas das sesións da Xunta de Goberno Local transcribíranse en Libro electrónico distinto do das sesións do Pleno.

Artigo 34. En todo o non previsto para a Xunta de Goberno Local, estarase ao previsto sobre o funcionamento do Pleno.

TÍTULO IV. ACTAS, BANDOS E RESOLUCIÓN

Artigo 35.- Redacción

As actas das sesións e reunións celebrados polos órganos políticos, así como os bandos e resolucións, redactaranse en lingua galega, co contido establecido no Artigo 109 do Real Decreto 2568/86, regulamento de organización e funcionamento das entidades locais.

Artigo 36.- Os libros de actas

Os libros de actas, de decretos e de resolucións confeccionaranse coas esixencias de seguridade e integridade mediante sistemas informáticos para a xestión electrónica dos libros de actas, de decretos e resolucións, resultando en consecuencia os libros en formato electrónico.

Artigo 37.- Bandos e resolucións.

1.- Bandos

Os bandos teñen como finalidade exhortar á cidadanía á observancia das obrigas e deberes establecidos nas leis e nas ordenanzas e regulamentos municipais, actualizar os seus mandatos cando se produzan as situacións que contemplan, recordar o contido preciso das devanditas obrigas e os prazos establecidos para o seu cumprimento, así coma efectuar convocatorias populares con motivos de acontecementos cidadáns ou, no seu caso, facer fronte a situacións de calamidade pública, catástrofe ou extraordinarias.

Para a difusión xeral á poboación dos Bandos ordinarios e extraordinarios poderá utilizarse calquera medio audiovisual ou escrito. Os bandos publicaranse, en todo caso, na páxina web do Concello.

2.- Resolucións.

As resolucións que adopte o Alcalde/alcaldesa no exercicio das súas competencias así coma os que adopten os concelleiros/as por delegación da Alcaldía, denominaranse Decretos ou Resolucións da Alcaldía, que serán consignados, ademais de nos expedientes administrativos de que deriven, nun libro electrónico creado para o efecto na Secretaría Municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF), aplicarase de xeito supletorio para aquelas materias nas que resulte insuficiente a normativa establecida no regulamento orgánico.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor aos quince días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de acordo co establecido no artigo 70 en relación co 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, permanecendo vixente até que se acorde a súa modificación ou expresa derogación."

SEGUNDO.- O Acordo de aprobación inicial publicarase no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello e abrirase período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto do Regulamento as alteracións



derivadas da resolución das alegacións. No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial. O Acordo de aprobación definitiva [*expresa ou tácita*] do Regulamento, co texto íntegro da mesmo, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.(...)"

Sométese á votación a proposta modificada e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes á sesión.

Asinado dixitalmente ao marxe.
A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: xa coñecen o contido do regulamento modifícouse a petición da comisión por parte do Pp en canto a orde de intervencións non sei si algún quer intervir.

Sr Dominguez Louro: moi breve porque eu non asistín a esa comisión que foi o meu compañeiro, entón vou falar da experiencia de 6 anos aquí, este pleno sempre se caracterizou polas boas maneiras e polo bo entendemento democrático entre os seus membros, xa pasaron uns cuantos dende que estou aquí, sempre funcionou si o quer aprobar non temos problema pero pediría que bueno cando haxa un debate coma o de hoxe onde os tempos son curtos que fose flexible tanto nos nosos tempos coma nas súas respostas porque aquí sempre funcionou de unha maneira correcta, polo tanto vamos votar a favor pero pedimos que non se coarte baixo o regulamento a liberdade de expresión que bueno é necesaria.

Sra alcaldesa: xa manifestei na comisión que ía ser flexible vai seguir na mesma liña pero o regulamento non so contén o tema das intervencións senón outros puntos importantes como a petición reiterada de que se graven os plenos e se publiquen nas redes sociais entre outros puntos entón evidentemente a flexibilidade vai continuar.

VOTACIÓN

Sométese á votación o ditame e resulta aprobado por unanimidade.

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	3	3	2	1
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

5. **Proposta da Alcaldía relativa á aprobación dos Estatutos Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía e Addenda 1.**

Considerando o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día martes 21 de xaneiro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"3. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación dos Estatutos Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía e Addenda 1.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALALDÍA

ASUNTO: Aprobación Estatutos Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía e Addenda 1.

EXPEDIENTE Nº: 2020/A006/000001

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o expediente tramitado ao efecto

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO.- Manifestar a vontade deste Concello de formar parte da Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía.

SEGUNDO.- Aprobar os Estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía e Addenda 1, que se transcriben:

"ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO FISTERRA E MUXÍA a. CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DE FISTERRA E MUXÍA"

2.- A asociación rexeráse polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

No momento da constitución o domicilio da asociación radicará na Casa Consistorial do Concello de Dumbría., Estrada de Dumbría s/n 15151Dumbría provincia da Coruña e teléfono 981744001.

Artigo 3º.- A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Artigo 4º.-

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- b. Terá un carácter non lucrativo.
- c. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- d. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- e. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.



- f. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
 - g. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
 - h. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.
3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:
 - a. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño de Fisterra e Muxía, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño de Fisterra e Muxía.
 - b. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño de Fisterra e Muxía.
 - c. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño de Fisterra e Muxía.
 - d. Canalizar a promoción turística do Camiño de Fisterra e Muxía, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
 - e. Ofrecer o apoio necesario aos/ás peregrinos/as que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño de Fisterra e Muxía.
 - f. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
 - g. Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
 - h. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
 - i. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
 - j. Representar aos concellos do Camiño de Fisterra e Muxía en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
 - k. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño de Fisterra e Muxía leven a cabo outros organismos públicos e privados.
 - l. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.
2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:
 - a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
 - b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño de Fisterra e Muxíanos concellos membros.
 - c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.



- d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
- h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño de Fisterra e Muxía. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.
2. A alta será solicitada polo/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a da Corporación mediante escrito dirixido ao/a Presidente/a da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.
4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos/as aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar ao/á presidente/a reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo



1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño de Fisterra e Muxía.
2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño de Fisterra e Muxía. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo/a presidente/a, un/unha vicepresidente/a, un/unha secretario/a, un/unha tesoureiro/a e seis vogais correspondendo un membro da Xunta Directiva a cada un dos concellos.

Artigo 12º.- A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os/as representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.- Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias
- e. Disolver a asociación
- f. Establecer a estrutura organizativa
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.-

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo/a Presidente/a cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o/a presidente/a e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o/a secretario/a da asociación.

Artigo 15º.- Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.



Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores/as
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d. Modificación de estatutos
- e. Destitución do/a presidente/a
- f. Disolución da entidade

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo/a presidente/a, asistido do/a secretario/a, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.- A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O/a vicepresidente/a, o/a secretario/a, o/a tesoureiro/a e os/as seis vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos/as entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixíranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do/a presidente/a será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
 - b. Por perda da condición de membro da asociación
 - c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos concellos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente/a, secretario/a e tesoureiro/a.

Artigo 20º.- O/a presidente/a da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á asociación
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
- c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade
- d. Ordenar e autorizar pagos
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.



CAPÍTULO IV DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º.- A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d. Executar os acordos da asemblea xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que o/a presidente/a ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do/a presidente/a.

2. Son funcións da Tesourería:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a presidente/a.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.- A asociación poderá dispor dunha xerencia Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1. A Oficina Técnica de Xestión de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propoñer ao/á presidente/a as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.



- e. Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos á emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
- g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos dos concellos e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

CAPÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24º.- Patrimonio da asociación

O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

Artigo. 25º.- Dotación patrimonial da Asociación

A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 26º.-

1. Os recursos da Asociación procederán de:
 - a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán iguais para cada concello membro.
 - b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
 - c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
 - d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral.
3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.
4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.
5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS



Artigo 27º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos concellos asistentes.

CAPÍTULO VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 28º.-

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos concellos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:
 - a. Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
 - b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
 - c. Por resolución xudicial e firme
2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira-. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

ADDENDA 1 AOS ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO FISTERRA E MUXÍA

Para o exercicio 2020, a aportación dos membros da Asociación de Concellos do Camiño de Fisterra e Muxía será como máximo de 2.000€, sen prexuízo de que a Asemblea poda establecer cotas extraordinarias ou outras aportacións que consideren necesarias, así como nos exercicios posteriores.”

TERCEIRO. Designar a Alcaldía como representante da Corporación na futura Asociación.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.(...)”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións do resto de concelleiros/as asistentes á sesión.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A secretaria, ROCIO HERMIDA CANCELA”

INTERVENCIONS

Sra alcaldesa xa coñecen o contido dos estatutos considero que é importante para Cee formar parte de esta asociación que é do Camiño Xacobeo dende Santiago a Fisterra e Muxía, vai supoñer



promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño de Fisterra e Muxía, promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño de Fisterra e Muxía, planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño de Fisterra e Muxía, canalizar a promoción turística do Camiño de Fisterra e Muxía, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais e tamén para poder solicitar subvencións que é importante para Cee o fin di camiño, como se presentou en Fitur somos a primeira fiesta o mar no camiño de Fisterra, é necesario promocionalo.

Sr Dominguez García: so preguntar unha cousa, si eso non se solapa con outras asociacións por exemplo a CMAT que está o Concello tamén e persigue mais o menos o mesmo.

Sra alcaldesa: no CMAT é un xeodestino esto solo se centra no camiño na CMAT están os faros, patrimonio van por xeodestino.

Sr Dominguez García: digo para que non se solapen uns cos outros.

Sra alcaldesa: esta é concreta so o Camiño de Santiago Fisterra e Muxía e promocionalo e poder optar a subvencións da Deputación e creo que é fundamental principalmente pola situación que ten Cee.

Sr Vigo: a nos parecenos que si se solapan moitas asociacións porque hai un sin fin de asociacións pola defensa do turismo do territorio e realmente non entendo porque necesitamos outra mais, pasamos moitos anos en destruír a que estaba funcionando e digamos vendía o produto turístico da Costa da Morte en concreto o camiño de Santiago, Vde mesma me pareceu ben colliu a idea de a porta o mar do Camiño de Santiago, tamen debiu chamar un cámara moi alto porque sacou o mar de fora en vez de a ría de Cee e Corcubión, iso é un detalle sen maior importancia porque se pode solventar, creo que non é necesario unha nova entidade no fondo non deixa de ser unha asociación de concellos nestes momentos se están unidos por ideoloxías iguais ou afíns pero pode non ser así e se cadra non é o mais importante para defender o maior produto turístico que temos na comarca non so en Cee, vamos votar en contra non porque poñamos pega aos estatutos, senón simplemente porque consideramos innecesaria co abano amplo que hai de asociacións que defenden o turismo nesta comarca.

Sra alcaldesa: mire Sr Vigo o problema é non entender o vídeo porque era a primeira fiesta do camiño a Fisterra, a primeira imaxe cando chegamos e vemos Fisterra e cando vemos o mar, as Loberías, carrameiros, cabo, Cee, Fisterra fin do mundo e o Pindo precipitándose sobre o mar e a última imaxe é o mar de Fisterra o problema e non entendo hai que abrirse non cerrarse. Polo menos está Cee en Fitur, en Tur España, da igual en el stand de Galicia da igual, no Tur Galicia tamén estiven pero presenteí en Tur España que foi onde me deixaron tempo, o de Tur Galicia era para o CMAT 25 minutos, logo na Diputación o gran fondo Ezaro que está Cee tamén, a volta ciclista e tiveron os 25 minutos da Deputación.

Sr Vigo: en Tur Galicia, en Tur España está Pedro Sánchez..intelixible.

Sra alcaldesa: en Tur España falou Camariñas, Cee, Muxia e Vimianzo, podían sumarse algún outro Concello pero non quixo.

Sr Vigo: normal.

Sra alcaldesa: en calquera caso era sorprendente que eso pode explicalo Juan a situación real cando falaba cos tur operadores e cando era a Costa da Morte aparecían todos os concellos e Cee en ningún esa foi a política turística dos 4 polos menos dos últimos 8 anos, esa é a realidade así que non me extraña Sr Vigo porque Vde non cree nesto.

Sr Vigo: eso si que non llo podo consentir que me diga Vde a min que non creo nesto cando estiven moitos anos en Fitur non so defendendo os intereses deste Concello senón da comarca como presidente de Neria e alcalde de Cee dende o stand de Neria que sempre defendemos que nos vendiamos mellor con stand propio o que nos sorprendeu e que xa non chegaba Tur Galicia agora resulta que imos a Tur España cando se supón que ten que ser menos se cadra a Vde como ten un "lobby" especial nese territorio que non é culpa nosa, bueno si, porque non somos capaces que non



teñan ese “lobby” en calquera caso ese “lobby” está aí e sigue aí por ser ese “lobby” non por outra cuestión non porque se visualice mais nin mellor e polo tanto non son eu para nada dubidoso de non ter defendido, presentado nos foros correspondentes o longo de moitísimos anos o turismo deste territorio de Cee como concello e da Costa da Morte en xeral.

Sra alcaldesa: mire na época de Neria me consta que tiñan stand propio e se defenderon os intereses, falo dos últimos 8 anos, respecto a poñerse de acordo xa sabe cando queire nos somos 4, vos o resto, xa saben o que ten que facer, digo o resto dos membros da corporación.

VOTACIÓN

Sométese á votación o ditame e resulta aprobado no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	3	-	2	1
CONTRA	-	-	3	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

6. Moción do grupo Mixto en apoio aos órganos constitucionais e para instar ao actual goberno de España a non realizar concesións aos grupos independentistas.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día martes 21 de xaneiro de 2020 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“4. Moción do grupo Mixto en apoio aos órganos constitucionais e para instar ao actual goberno de España a non realizar concesións aos grupos independentistas.

Considerando a seguinte:

JUAN R. HERMIDA FANDIÑO Portavoz del Grupo Mixto Municipal (concejal de Ciudadanos CEE), conforme al artículo 91.4 do ROF, presento para su debate y votación la siguiente **MOCIÓN QUE PLANTEA EL PORTAVOZ DE GRUPO MIXTO, ANTE EL PLENO DEL AYUNTAMIENTO DE CEE, EN APOYO A LOS ÓRGANOS CONSTITUCIONALES Y PARA INSTAR AL ACTUAL GOBIERNO DE ESPAÑA A NO REALIZAR CONCESIONES A LOS GRUPOS INDEPENDENTISTAS**

En los últimos días hemos sido testigos, durante las sesiones del debate de investidura, de una situación muy preocupante para nuestra democracia. Después de que el presidente del Gobierno, Pedro Sánchez, consumara la humillación que hizo a la democracia española alcanzando acuerdos con las fuerzas nacionalistas que van en contra de la unidad de nuestro país, también fue incapaz de defender al Jefe del Estado, a nuestra democracia y a las víctimas de las blasfemias de un partido como EH Bildu que no condena el terrorismo de ETA.

Por otra parte, la presidenta de la Cámara, Meritxell Batet, fue incapaz de aplicar el artículo 103 del Reglamento del Congreso de los Diputados, que le obliga a llamar al orden cuando se atacan instituciones del Estado. Es intolerable que, en el seno de la representación política de España, unas supuestas representantes de la Cámara llamen autoritario al jefe del Estado o digan que le importa “un comino” la gobernabilidad de nuestro país.



En momentos tan complicados para España como el que actualmente estamos viviendo, la figura del rey Felipe VI es imprescindible. No en vano, el Jefe del Estado está reconocido como figura constitucional, dentro del precepto que contempla la Monarquía Parlamentaria como la forma política de nuestro Estado. En este preocupante momento, desde los poderes políticos se están cuestionando pilares básicos de nuestra democracia como la jefatura del Estado y el Poder Judicial, además de otras instituciones garantes de la transparencia y el buen funcionamiento de nuestros procesos electorales como la Junta Electoral Central.

Por otro lado, el actual presidente de España, Pedro Sánchez, ha otorgado al separatismo una mesa de negociación al margen del Parlamento elegido democráticamente por los ciudadanos, abriendo la puerta a una mesa bilateral entre Cataluña y España como si se trataran de Estados independientes. Dicha concesión se encuentra totalmente fuera de los cauces establecidos por la Constitución e incluso del propio Estatuto de Autonomía catalán.

En esta circunstancia, debemos recordar y reafirmar nuestra obligación como representantes públicos de acatar y respetar la democracia, la Constitución y el ordenamiento jurídico. Por ello, se hace absolutamente necesario mostrar apoyo a todas las instituciones democráticas contempladas en nuestra Constitución y, al mismo tiempo, se reprobren los discursos en sede parlamentaria que afirmaban que existe una dicotomía en España entre "democracia" y "autoritarismo".

Por todo lo expuesto, el concejal que suscribe formula las siguientes:

PROPUESTAS DE ACUERDO

- 1.- Que el Ayuntamiento de Cee muestre su apoyo y respeto al ordenamiento jurídico español y a todos los órganos constitucionales, incluidos la Jefatura del Estado.
- 2.- Que el Ayuntamiento de Cee inste al grupo parlamentario EH-Bildu para que su portavoz se retracte de las palabras que, contra la Corona y nuestra democracia, profirió en el Pleno de investidura del pasado 5 de enero de 2020.
- 3.- Que el Ayuntamiento de Cee inste al actual presidente del Gobierno a no realizar concesiones a los grupos independentistas ni a llevar a cabo la creación de una "mesa de negociación institucional entre los gobiernos de España y Cataluña".
- 4.- Que el Ayuntamiento de Cee inste al presidente del Gobierno a que cumpla su promesa de recuperación del delito de referéndum ilegal."

Sométese á votación a moción e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos en contra do grupo político PSOE, 1 abstención do grupo político BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA"

VOTACIÓN

Sométese á votación o ditame e resulta aprobado no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR		3	3	-	1
CONTRA	4	-	-	2	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA



7. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do REC 1/2020 e levantamento de reparo interposto pola Intervención Municipal.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día martes 21 de xaneiro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do REC 1/2010 e levantamento de reparo interposto pola Intervención Municipal.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación REC 1/2020 e levantamento de reparo interposto pola Intervención Municipal.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee propón o Pleno da Corporación de acordo coas funcións que lle son atribuídas polas normas de réxime local :

A aprobación das facturas relacionadas no anexo por importe de **16.161,98€** correspondentes a gastos realizados no exercicio anterior mediante a modalidade de recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas que leva consigo o levantamento do reparo formulado pola Intervención Municipal.

Asinado dixitalmente.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA

A presidenta, MARGARITA LAMELA LOUZAN”

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: coñecen a proposta, consta levantamento de reparo, algunha intervención?

VOTACIÓN

Sométese á votación o ditame e resulta aprobado no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	-	-	-	-
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	3	3	2	1

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

8. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: N° 729/2019 do 19 de decembro á N° 34/2020 de 21 de xaneiro.

Quedan enterados/as.

9. Dar conta ó Pleno do envío do Informe de Intervención e Tesourería morosidade 4º Trimestre 2019.

Quedan enterados/as.

10. Dar conta ó Pleno do envío PMP (Período Medio de Pago) 4º Trimestre 2019.

Quedan enterados/as.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



11. Mocións de urxencia.

Intervén o Sr Dominguez Louro: a razón de presentar é que este mes tivemos antes as comisións dado que non estivo aquí a alcaldesa, e non deu tempo a presentala en tempo e forma, cada un teñena.

Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidade dos presentes.

O Sr Dominguez Louro procede a lectura da **MOCIÓN**:

“MOCIÓN PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A poboación galega leva tempo preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública, tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feixóo, baseada nos recortes de recursos e orzamento, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todas.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Creemos que estamos ante un momento importante no que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberiamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Os municipios da Área de Sanitaria necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1º. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

2º. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais.

3º. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

4º. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

5º. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

6º. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

7º. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

8º. Elaborar un plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

9º. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



10º. Comunicar ao acordo da presente moción á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido."

INTERVENCIÓNS

Intervén o Sr Dominguez García: para mostrar a falsidade da moción teño que ler uns cuantos datos, no orzamento 2020 como poden falar de carencias cando ascende a 4.109,6 millóns de euros, 121,7 mais co ano anterior eso incrementa o 3,1% o gasto de persoal do servizo galego de saúde é de 1755000 euros o orzamento de atención primaria é case de 1300 millóns de euros, 46 mais co ano 2019 profesionais da xunta están a mellorar a situación do persoal co recoñecemento da carreira profesional dende xaneiro con convocatorias anuais e oferta de emprego público co concurso de traslados aberto e permanente para potenciar e facilitar a mobilidade voluntaria e conciliación da vida familiar así como permanente cobertura de necesidades asistenciais, mellora como receita electrónica, historia clínica electrónica etc plan galego de atención primaria, Galicia é das primeiras Comunidades Autónomas que puxo en marcha o Plan de atención primaria 2019-2021 que contempla 200 medidas concretas e pactadas a curto e medio longo prazo coa evolución do modelos asistencial coa aprobación de todos os colectivos implicados, lista de espera o tempo medio de espera en ciruxía é de 54.5 días, 7 menos que en decembro de 2018 sendo a mellor cifra dende que hai rexistros, sitúa a Galicia entre as catro comunidades mellores, os concertos privados fanse fai décadas con instrumentos legais disponibles, este procedemento de contratación ven dende antes das transferencias de competencias en sanidade en tempos do Insalud engadir que o importe adicado en concertos con centros privados entre o 2005 2009 cando gobernaban Vdes incrementouse nun 44% e dende o 2009 diminuíu nun 5.7, 217,9 millóns de euros en 2009 e 205 millóns en 2018, eses son os datos que tiran por terra todo o que Vdes pretenden dicir que a sanidade galega é unha das mellores de España e por ende do mundo e digollo eu que veño de pasar unha enfermidade bastante grave e se me atendi dende o primeiro día, creo que se tardou 15 días entre o diagnóstico e operación.

Sr Dominguez Louro: moi rápido os datos a veces é a mellor maneira de desinformar e soltar un lote de datos neste caso seguramente este é mais claro, moi probablemente todas esas cifras baixaran sobre todo porque si a xente non acostuma a vir dende Dublin, dende Londres, dende Berlin, dende o outro lado do mundo aos hospitais galegos, somos menos é probable que as cifras de gasto baixen, pero non é unha opinión miña, se deron casos que vimos na TV onde en centros de saúde morreron persoas por non haber que atendera por falta de persoal un caso recente en Berin onde pecharon o paritorio e acabaron dando marcha atrás fai uns poucos días e por desgracia nos vai levar nos afecta directamente porque nos leva a mellor profesionalidade que tivemos nos últimos anos de pediatría xa quedamos sen ela, enlazando co tema dos pediatras estes días estiven recabando información sobre os pediatras da zona da comarca e resulta que aparte das carencias que hai, Zas, Fisterra nos últimos días resulta que a maioría nin son pediatras son puericultores entón isto é so por meter tres pinceladas hai moitísimas mais e iso está na rúa, salvo que vexas a galega que para feijolandia todo é bonito senón a realidade é outra.

Sr Dominguez García: eu non entro na galega entro no hospital e vexo as atencións, respecto a pediatría non hai pediatras de feito poñen médicos de familia porque non existen, dende a Xunta se quixo facer un mir acelerado pero non se permitiu dende o goberno de Madrid, esa é a realidade non hai recortes en pediatría, non hai pediatras que é distinto e iso sabémolo todos.

Sr Dominguez Louro: certo que non hai pediatras e tamén hai xente que acabou a carreira e esperando que lle abran as prazas.

Sr Dominguez García: mentira si coñece algún dígame que empeza a traballar maná.

Sr Dominguez Louro: por suposto que llo digo pero parece que o PP non gobernou o estado de España dende fai décadas, este problema en Cee vímolo xa dende fai moitos anos xa cando gobernaba o PP tamén que pudo abrir esas prazas e que houbera pediatras, en calquera caso polo miña parte acabou o debate está mais que claro.

Sr Vigo Sambade: vamos absternos porque unha parte importante do que plantexa a moción non podo abstraerme da miña condición de sanitario porque a realidade é a que é, digo esto porque ademais



escoitamos unhas declaracións do Doctor Cabadas que poñía en dúbida o que estaba pasando en china co coronavirus tal como o plantexan, si a información era real ou non, esto xenera moita preocupación e dúbida probablemente que non é epideomólogo realmente non debería facelas públicas porque non é calquera a hora de falar porque xenera opinión neste caso preocupante digo esto porque estamos acostumados a que politicamente se utilicen datos e informacións medias verdades que a veces non son tal, neste pleno hai poucos anos cando era alcalde cheguei a escoitar que o material cirurxico estaba oxidado me sorprendeu porque podo entender calquera cousa que falten prazas de diálise, que faltaban, eu xa plantexei as miñas dubidas naquel momento non sabia porque se transmitía así onde estaba o orixe, seguro nalgún tipo de conflito como sempre ocorre, chamoume o Director do Chuac do Centro integrado, que acaba de estar con el cando estiven ingresado previamente a ser alcalde, eu aviseille isto, das carencias pero esas deficiencias tan graves como estar oxidados os bisturís me parece surrealista, hai carencias en motios servizos hai unha grave e grande en pediatría e non ven do mes pasado nin dende 4 ou 8 anos, ven de antes dende o 70 cando este país co bo criterio decide reducir o número de prazas para facer medicina porque había un exceso de estudantes nesa carreira e non tiñan saída aparte deso o sistema de formación de especialistas o mir, facer un pediatra costa 4 anos, pode ser mais rápido, pode ser bueno digamos cun curso en un ano ou dous unha especie de puericultor e para rapaces de mais de 10 meses incluso valer sen problema porque un medico de familia os nenos non moi pequenos os pode atender con total normalidade porque o fundamental son as dosis de farmacia que se utilizan enton creo que temos según os últimos rankings de criterios o terceiro mellor sistema de saúde do mundo eu creo que o mellor, debemos ser nos mesmos quen o defendamos estas cuestións e plantexamentos son con boa vontade para defender o sistema, as consellerías e os ministerios de sanidade deben ser moi pouco políticos deben ter moita carga técnica e é verdade que a xestión é algo tan importante como a sanidade que leva moitos recursos pero digamos que ten moita importancia para a cidadanía e despois o que é repercusión política ten a que ten, hai que xestionar ben sen embargo e non sempre se xestionou ben, digo dende perspectiva persoal e como usuario ceo que temos que ser o mais ecuánimes posible e ser o mais cautelosos posibles e este tipo de cousas hai que ter o máximo coidado, reitero a maioría de puntos da moción nos compartimolos sin lugar a dubidas outros non iso fai que o noso voto sexa a abstención e non o voto favorable sin dubidar que a intención do BNG sexa a mellor para os cidadans.

Sra alcaldesa: bueno por parte do goberno vai a votar a favor, da mera lectura da moción se desprende que por parte do Bng en ningún momento pon en dubida o bo facer e profesionalidade dos traballadores, médicos do sector sanitario simplemente remítese a realizar peticións de melloras e por tanto o goberno vai a votar a favor.

VOTACIÓN

Sométese á votación a MOCIÓN e resulta aprobada no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	-	-	2	-
CONTRA	-	3	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	3	-	1

12. Rogos e preguntas.

Sr Dominguez Garcia: non é costumbre miña preguntar por cousas e trámites ordinarios pero neste caso dado a cantidade de xente que me preguntou e está nas redes sociais teño que preguntarlle e



aclaralo, a licencia do Nerio que me preguntou infinidade de xente queremos saber porque razón se lle denegou a licencia si temos en conta que é un acto regrado con informe técnico e xurídico e si temos en conta que no 2011 tivo licencia de discoteca qué é o que cambio do 2011 o 2020 para que non poda ter licencia simplemente me gustaría que o explicara.

Sra alcaldesa: na resolución da alcaldía consta un informe técnico do arquitecto e un informe xurídico por parte da secretaria explicando os motivos e razóns polos que non se pode e o problema da licencia, por un lado se solicitou, presentou un inicio de actividade, se requiriu unha documentación por un prazo de 10 días e non presentou a documentación requirida e si non presenta a documentación requirida por un lado se declarou a caducidade dese procedemento, por outro lado se presentaron denuncias polos veciños, o arquitecto foi comprobar o local e encontrou unha serie de anomalías o proxecto que se presentara no seu día era polo tema da insonorización pero non hai un proxecto o que manifestan nas redes sociais non consta presentado no Concello.

Sr Dominguez García: pero tiveron licencia no 2011 de discoteca, entón reunía os requisitos, sacaronlle cousas?, pregunto.

Sra alcaldesa: en base, a ver, no 2011 en base a

Sr Dominguez García: estou falando en serio e.

Sra alcaldesa: se me deixa explicar, si non me deixa explicar.

Sr Dominguez García: si si si.

Sra alcaldesa: o arquitecto foi o local e comprobou, fixo unha inspección entre eles, había un problema co tema do son, había un problema que non se axustaba ao proxecto presentado no Concello, e cando se deu a licenza de discoteca foi unicamente en base a un informe de insonorización pero non cumpría o resto dos requisitos.

Sr Dominguez García: douse licencia sen cumprir, pregunto.

Sra alcaldesa: se lle dou un prazo para regularizar a situación e se adaptara, pero si non presenta nada nese prazo como comprendera.

Sr Dominguez García: douselle un prazo e non presentaron.

Sra alcaldesa: non presentaron a documentación, agora presentaron un recurso de reposición e se contestou

Sr Dominguez García: eso preguntoumo moita xente

Sra alcaldesa: si non se presentan en prazo as cousas Sr Dominguez.

Sr Dominguez García: vale vale vale solo pregunto.

Sra alcaldesa: hai que presentar as cousas.

Sr Dominguez García: de acordo, eu non quero que de licencia sen poder.

Sra alcaldesa: está na resolución da alcaldía e pode ler o informe do arquitecto, xa saíu nos medios xa expliquei.

Sr Dominguez García: non a oín.

Sra alcaldesa: pois fixeron un programa fondo.

Sr Dominguez García: con respecto a que lle viñeran pedir aquí poñer unha carpa por fin de ano no polígono eu estou de acordo en non permitilo no polígono porque poder haber moitas empresas o día de maña e que non se monte a carpa no polígono pero si o fin de ano para o próximo poñer unha carpa na praza 8 de marzo para que a xuventude incluso estudar de poñer un grupo de acordo cos bares para que a xuventude non teña que andar pola carretera que é un día perigoso e todos os pais e nais estarían mais tranquilos sabendo que temos aquí a xuventude e non ande polas carreteras.

Sra alcaldesa: mire Sr Dominguez a min oficialmente non se me comunicou nada de eso,

Sr Dominguez García: fágolle eu un rogo

Sra alcaldesa: pero a min oficialmente non se me comunicou nada, soamente me preguntaron, eu dixen que me tiñan que indicar, ubicación, medidas de seguridade e se estudiaba o asunto e non chegou ningunha petición.

Sr Dominguez García: pero eu fágolle o rogo que para o ano o pense poñer unha carpa e un grupiño de acordo cos bares, unha non marcha xuventude e estamos dando beneficio os bares de Cee.



Sra alcaldesa: por parte da alcaldía non houbo negativa.

Sr Dominguez García: pero dígollo para o próximo ano.

Sra alcaldesa: se estudiará

Sr Vigo: unha cuestión, os meses que levamos sen ascensor no concello que o constatamos un destes días, estando presente o concelleiro de cultura, un Sr que viña de fora con muletas, mobilidade reducida, caeu o chan houbo que axudalo a metelo no taxi, non sei si chegou arriba ou non, quero dicir que cando no ano 1996 se instalou non foi por comodidade senón para ruptura de barreras arquitectónicas nun concello onde os servizos están case todos na primeira planta, non sei si é unha cuestión económica pero rogaría que se lle dera prioridade independentemente que me sinta tamén afectado pero o outro día o comprobei co seu compañeiro.

Sra alcaldesa: desde que estou na alcaldía xa se reparou unha vez pola entrada de auga, a reparación agora é dunha contía moi considerable entón primeiro hai que reparar o tellado porque si reparo o ascensor que xa están pedidos 3 presupostos e están facendo contrato menor para de inmediata pero a ver si para semana que ven poden vir reparar o tellado e de forma xa continua o ascensor, a choiva non permitiu, as vacacións de nadal estaba todo mundo de vacacións que chamei pero vai en breve.

Sr Dominguez Louro: pregunta rápida, comentanme veciños de Caneliñas que bueno a parte de que naquela zona das últimas casetas de abaixo leva habendo unha serie de roubos con denuncias y demais parece ser que se fundiron unha ou varias lamparas do alumeadado público e que chamaron e parece ser que non se van repoñer e quería saber porque e si as repoñerá en breve

Sra alcaldesa: hai que facer unha nova instalación, un estudio e unha nova instalación a situación de electricidade presenta unha serie de problemas e está en estudio.

pero supón algún problema cambiar unha bombilla e meter outra?

Sra alcaldesa: si é no ámbito privado si, si é no publico no.

Sr Dominguez Louro: como?

si a luz ilumina para o privado non se cambia si é no publico si

Sr Dominguez Louro: o que me comentan é unha luz que alumea a carretera non alumea o privado.

Sra alcaldesa: si é o cambio da bombilla se mirará.

Sr Dominguez Louro: é un simple cambio.

Sra alcaldesa: como en Caneliñas veu algunha persoa que estaba dirixida para o privado evidentemente no pode ser.

Sr Dominguez Louro: si fora privado non lle preguntaba.

Sra alcaldesa: vale pois se mirará.

Sra Iglesias: un rogo, para que os que votaron a favor da traballadora das redes sociais é que o facebook do Concello de Cee non sexa un book da Sra alcaldesa, vostede mire, é como si foto Fuentes ou Marcos lle fixera unhas fotos e as colgara.

Sra alcaldesa: todos os actos publicados son institucionais de representación da alcaldía como cando estaba Vde e saian as suas fotos.

Sra Iglesias: mire as fotos e mirará si hai algún book meu, mire de un tempo a esta parte.

Sra. Alcaldesa: eu non o vexo así.

Sra Iglesias: claro que non ove, xustamente

Ás 21:33 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

O alcalde, Margarita Lamela Louzán



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2020/G010/000002

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 10/02/2020 10:07:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 10/02/2020 12:05:00)

versión imprimible

CVD: HihebyOcjTvx2CR8mfWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)